<ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Ferramentas de tradución.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Literatura grega I: épica	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos da Ilíada e Odisea.	PE	70
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de épica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, personaxes e valores éticos ou estéticos de fragmentos de épica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura grega do xénero épico localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado coa literatura épica, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.</li> <li>- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Literatura grega II: lírica	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos dos autores de lírica arcaica.	PE	100
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de lírica arcaica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de poemas ou fragmentos de lírica arcaica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da lírica grega arcaica, localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado coa lírica arcaica, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.</li> <li>- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.</li> <li>- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Literatura grega III: teatro	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos Sófocles e Aristófanes.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de teatro grego aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos de teatro grego comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado do teatro grego localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.		
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co teatro grego, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.	TI	30
CA4.4 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar a presenza de temas, personaxes, estética e recursos do teatro grego na contorna do alumnado reflexionando sobre as implicacións dos seu uso e dando exemplos da súa persistencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.</li> <li>- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.</li> <li>- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Literatura grega IV: historiografía	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos históricos.	PE	70
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de textos históricos aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de textos históricos comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura historiográfica localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co xénero historiográfico, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.</li> <li>- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.</li> <li>- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Técnicas de debate e de exposición oral.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura grega V: mitoloxía	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais de textos de mitoloxía.	PE	70
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de temática mitolóxica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de textos de temática mitolóxica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito relixioso, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	30
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da mitoloxía grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.</li> <li>- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.</li> <li>- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego II, como outras de segundo de bacharelato ten varios condicionamentos importantes:

1. Esixencias das ABAU.
2. Limitación de tempo, reducido a un máximo de 116 sesións.
3. Metodoloxía empregada en Grego I.
4. Tipoloxía dos contidos que veñen dados polas cuestións das propias ABAU: repaso de morfosintaxe e explicación de novos contidos, tradución e comprensión de textos seleccionados dos autores propostos, literatura e lecturas, etimoloxía e helenismos.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS (UD1-3)

Neste apartado cómpre ter en conta o punto de partida metodolóxico de Grego I xa que o curso anterior utilizamos o método tradicional e gramaticalista. Neste curso será necesario realizar un repaso, recompilación e estruturación dos contidos do ano anterior.

Tamén haberá que ampliar os contidos non tratados en Grego I para acadar o nivel necesario que permita acceder á comprensión dos textos propostos.

É innegable que o hai que ter en conta que o alumnado debe ser preparado convenientemente para a proba das ABBAU. Así pois, traballaremos constantemente co libro de texto do curso anterior e os textos que nos veñen dados pola propia selección de autores e textos que realiza o grupo de traballo da CiUG.

#### METODOLOXÍA PARA A UNIDADE DE ETIMOLOXÍA (UD4)

Estes contidos xa veñen sendo traballados dende o curso de Grego I e o que se lle pide ao alumnado é que atope e explique helenismos derivados de palabras gregas dunha listaxe proposta polo grupo de traballo tomadas dos textos obxecto de tradución e comprensión xunto con algunhas que teñen unha fecunda familia de neoloxismos.

A medida que eses termos vaian aparecendo nos textos, realizarase a explicación e a recompilación de helenismos relacionados, non só na lingua de uso do alumnado, senón tamén noutras do repertorio, de modo que se poidan verificar as semellanzas e diferenzas de transcripción en cada unha delas.

#### METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE COMPRESIÓN E TRADUCIÓN DE TEXTOS (UD5-6)

1. A lectura en voz alta, con corrección tanto na pronuncia como na acentuación, debe seguir a ser en 2.<sup>º</sup> un obxectivo importante na materia, polo que faremos un repaso das normas tanto de lectura como de prosodia e, ademais, o emprego da pronunciación histórica fronte á erasmiana polas vantaxes que ofrece de cara á comprensión do grego moderno.

2. División do texto en secuencias que teñan sentido, facendo uso dos signos de puntuación, as formas verbais como núcleo das oracións e resto de elementos sintácticos de enlace: conxuncións que clarifiquen a organización das oracións e preposicións para os complementos circunstanciais, etc.

3. Achegamento á comprensión do léxico utilizando ferramentas como a etimoloxía, o contexto e, no seu caso, de ser necesario, os dicionarios en formato papel ou en liña.

4. Ofrecer unha interpretación e comentario do contido do texto, procedendo entre todo o alumnado á súa corrección e mellora.

5. Resposta a preguntas formuladas en grego polo profesorado sobre o contido, cuxa solución estará no propio texto, facendo as correspondentes transformacións en canto a tempo e persoas verbais, voces, complementos, etc. coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.

6. Reflctir oralmente ou por escrito e, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos e redactar textos adicionais imitando a estrutura do texto traducido, completando o contido, ofrecendo outra versión, etc.

7. Lectura comparada de diferentes traducións publicadas e comentario de textos, comprendendo as diferenzas atopadas e entendendo o compromiso existente entre literalidade e literariedade da tradución.

#### METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE LITERATURA (UD7-11)

1. Explicación por parte do profesorado e lectura de textos en voz alta na aula e tamén de forma individual na casa, elaboración de exercicios, resolución de cuestionarios en liña e traballos guiados que se avalían fundamentalmente a través de táboas de indicadores como rúbricas.

2. Explicación por parte do alumnado dalgúns temas de literatura o que lle servirá para achegarse ao método de investigación e exposición que terán que utilizar na Universidade

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017.
José María Pabón de Urbina: Diccionario manual Griego clásico-Español. Vox-Bibliograf, Barcelona, 2014.
Juan Coderch Sancho: Diccionario español-griego. Ediciones Clásicas, Madrid, 1997.
A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de Teatro Grecolatino organizado pola SEEC como unha forma de aproximación ao mundo teatral.
Homero: Ilíada (cantos I, VI, XVI, XXII).
Antoloxía da poesía lírica: Safo, Arquíloco e Anacreonte.
Sófoles: Edipo rei.
Aristófanes: Asembleístas.

### LIBRO DE TEXTO

- José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta cunha antoloxía de textos de temática mitolóxica, lírica, fabulística, etc.

### LIBROS DE LECTURA

Para as UD de literatura (épica, lírica, teatro) haberá as correspondentes lecturas das que ademais se examina o alumnado nas probas das ABAU. Incluímos tamén as lecturas das obras representadas no Festival de Teatro Grecolatino.

### DICCIONARIOS

Usaremos o dicionario VOX en papel ou en formato dixital. Tamén será útil un dicionario de español-grego para a elaboración de textos e comentarios en grego. Destes e doutros dicionarios usaremos tamén a versión dixital cuxos enlaces poden verse a continuación.

### OUTROS RECURSOS

- Recursos en rede asociados cos métodos descritos:

<https://aulavirtual.baiaedicions.gal/10>

<https://www.dicciogriego.es/>

[http://www.epapontevedra.com/documentos/latinegrego/grego/Diccionario\\_vox\\_griego\\_clasico-esp.pdf](http://www.epapontevedra.com/documentos/latinegrego/grego/Diccionario_vox_griego_clasico-esp.pdf)

<http://aliso.pntic.mec.es/agalle17/logos/inicio.html>

<http://etimologias.dechile.net/>

- Acceso á aula virtual do IES e a plataforma TEAMS.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### INTRODUCCIÓN

A materia de Grego II de 2.º de bacharelato é unha materia de continuidade, polo que o alumnado xa terá cursado Grego I e será coñecido para o profesorado. Pero, aínda que non temos ningún alumno que veña doutro centro faremos unha proba inicial para ver qué recordan do explicado o ano anterior.

### OBXECTIVOS

1.º Identificar e determinar o nivel de coñecementos de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Grego I.

2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Grego II. Aínda que isto xa se fixo en 1.º, é importante volver preguntar por este aspecto dado que é moi frecuente que se produzan cambios de motivacións e/ou obxectivos que pode ser relevante coñecer.

3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).

4.º Identificar o alumnado repetidor.

#### INSTRUMENTOS

1. Actas e memoria do departamento do curso anterior.

2. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados anteriormente.

3. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	5	10	25	25	5	5	5	5
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	70	73	74	70	100	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	30	27	26	30	0	30	30

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	100
<b>Proba escrita</b>	70	78
<b>Táboa de indicadores</b>	30	22

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou UD.

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas segundo as seguintes fórmulas:

1.ª avaliación:  $[(UD1 \times 5) + (UD2 \times 5) + (UD3 \times 5) + (UD4 \times 3) + (UD5 \times 12) + (UD7 \times 5)] / 35$

2.ª avaliación:  $[(UD4 \times 3) + (UD5 \times 13) + (UD6 \times 6) + (UD8 \times 5) + (UD9 \times 5) + (UD11 \times 5)] / 37$

3.ª avaliación:  $[(UD4 \times 4) + (UD6 \times 19) + (UD10 \times 5)] / 28$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD4, que ten un peso total de 10 sobre 100 no curso, está repartido en 3, 3 e 4 nas tres avaliacións. Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 35 para a primeira avaliación, 37 para a 2.ª e 28 para a 3.ª avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios

didácticos ao respecto.

## CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media ponderada das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:  $(1.ª \text{ aval.} \times 0,35) + (2.ª \text{ aval.} \times 0,37) + (3.ª \text{ aval.} \times 0,28)$

- 1.ª avaliación achega o 35 % da cualificación final.
- 2.ª avaliación achega o 37 % da cualificación final.
- 3.ª avaliación achega o 28 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

### **Criterios de recuperación:**

Realizarase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD de literatura desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación fose inferior a 5..

En canto ás unidades de lingua grega, dado o carácter progresivo da materia, a superación das unidades posteriores supón a superación das anteriores.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación extraordinaria, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superase determinadas unidades didácticas e/ou trimestres e/ou curso completo para o caso de que a cualificación non chegase a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD ou avaliacións e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo o Grego II unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza terá unha natureza individualizada, que tomará en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido se prestará atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a prever ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, adoptaranse medidas como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o

primeiro momento a programación de todas as materias do centro.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- Alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

En todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente. Temos que indicar que, este ano, non contamos co alumnado que teña esas características.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.							X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.							X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.					X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.				X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.						X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

Debido ao interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo así como o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura, como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Festival de teatro grecolatino.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente.		X	
2 Viaxe a Grecia, Italia ou Mérida.	Viaxe a Grecia, Italia ou Mérida co alumnado de Latín, Grego, Arte e Obra civil.			X
3. Participación nos Ludi Compostelani	Participación nas actividades que se organicen na xornada dos Ludi Compostelani		X	X

#### Observacións:



Asistencia a algunha outra actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.

#### Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarse nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia da arte	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

O IES As Fontiñas ten en Bacharelato 88 alumn@s, distribuídos nos seguintes grupos: dous en 1º de Bacharelato , e dous en 2º de Bacharelato. As modalidades de Bacharelato que oferta o centro son: Humanidades, Ciencias, Ciencias Sociais e Xeral (en 1º). A materia optativa de Historia da Arte conta este curso con 6 alumn@s

O departamento de Xeografía e Historia é unipersoal. A profesora, e asimesmo Xefa de departamento. é Ana María Santos Vaamonde, quen asume toda a carga horaria.

O alumnado procede sobre todo dos concellos de O Pino e Touro, pero tamén doutros centros de Santiago.

O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

A Historia da Arte, materia coa que o alumnado tomou xa contacto na educación secundaria obrigatoria a través dos contidos de materias como Xeografía e Historia, Filosofía, Latín, Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, está estreitamente vinculada co logro dos obxectivos de etapa e co desenvolvemento das competencias clave, especialmente no que compete ao cultivo da sensibilidade artística e ao desenvolvemento de criterios estéticos, entendidos ambos como aspectos esenciais da formación integral do alumnado e do seu enriquecemento cultural e persoal. Esta formación, en tanto que implica a comprensión da forma en que ideas e emocións se comunican de forma creativa a través de diversas manifestacións artísticas e culturais, relaciónase directamente coa competencia en conciencia e expresión culturais.

Dun modo máis indirecto, a aprendizaxe da Historia da arte contribúe ao logro da madurez intelectual e emocional do alumnado, proporcionándolle o coñecemento de códigos e linguaxes e promovendo o desenvolvemento do seu propio xuízo e criterio estético. Ademais, a contribución desta materia ás competencias e obxectivos mencionados ha de procurar o coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e a adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia está estruturada ao redor de tres eixes fundamentais: a análise, a comprensión histórica e a apreciación crítica das principais manifestacións artísticas, e das súas relacións co resto de dimensións e aspectos da cultura e a experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e, por iso, entre outros aspectos, da visibilización das mulleres creadoras habitualmente excluídas do canon dominante; e a educación para a preservación, mellora e uso sostible do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas, o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina, a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística, así como á súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas, a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano, a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou, o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional, e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

A metodoloxía empregada supón, tamén, o deseño de instrumentos múltiples e diferentes con que valorar as accións que delimitan as competencias tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

As situacións e contextos de aprendizaxes, dotarán de maior protagonismo o alumnado promovendo os procesos de indagación e investigación, creatividade e transferencia do coñecemento adquirido. As propostas didácticas inclúen metodoloxías en que se apliquen, entre outros aspectos, a análise e a valoración argumentada, así como o uso crítico e ético da información.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar diferentes concepcións da arte ao longo da historia, seleccionando e analizando información diversa de forma crítica, para valorar a diversidade de manifestacións artísticas como produto da creatividade humana e fomentar o respecto por estas.	3				40	1-3		1-32
OBX2 - Recoñecer as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión de ideas, desexos e emocións, utilizando con corrección a terminoloxía e o vocabulario específico da materia, para expresar con coherencia e fluidez os seus propios xuízos e sentimentos e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais.	1-5	1		1	12-50	1	3	2-32
OBX3 - Distinguir as distintas funcións da arte ao longo da historia, analizando a dimensión relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética da obra de arte, da súa produción e a súa percepción, para promover unha apreciación global e un xuízo crítico e informado destes.					12-40	1-3		1-2-32
OBX4 - Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte e fomentar o respecto e aprecio das manifestacións artísticas de calquera época e cultura.					40	1-2-3		1-2-32
OBX5 - Identificar e contextualizar espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións e personalidades artísticas, analizando a súa contorna social, política e cultural, e os seus aspectos biográficos, para valorar as obras e aos seus artistas como expresión da súa época e ámbito social, apreciar a súa creatividade e promover o coñecemento de diversas formas de expresión estética.					31-40	1-2-3		1-2-32
É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Libro dixital EnRed e Edubook da editorial Vicens Vives GMail, e aplicacións de vídeoconferencia Teams ou Webex.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

Os criterios para cualificar ao alumnado serán os seguintes:

- Probas escritas (exames) ou dixitais nas que os alumnos deberán contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas.

- O alumnado deberá ter a o día o seu caderno cos diferentes exercicios e esquemas que se van realizando na aula.

- A ponderación dos exames escritos, dixitais ou traballos específicos na nota de avaliación será do 80%. En cada avaliación haberá dous exames.

- A ponderación de outros traballos escritos, dixitais ou traballos específicos, exposicións orais, cuestións, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será do 20%

- Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha calificación de 5 ou superior na nota ponderada dos exames feitos en dita avaliación.

- Ter unha avaliación suspensa implica a obriga de recuperala, non se recupera facendo media coas demais avaliacións.

- Para aprobar o curso e ter a materia superada é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Neste caso a nota final será a media aritmética das tres.

- Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.

- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribírase esta sen alteracións nas actas.

- Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.

- Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribirían como un 6 ou un 7).

- Se un alumno ou alumna é descuberta copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle nese exame con un 0, e estará obrigada a repetilo.

### **Criterios de recuperación:**

- O alumnado que ao longo do curso non acade os obxectivos reflectidos nesta programación poderá realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do Departamento que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación, tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.

- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.

- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria.

- O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis.

- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaranse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.

- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na aula virtual de cada grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procuraráse que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro ónde se publicará esta



programación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan. Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idóneas na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse elevar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurárase proporcionar ós alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual								X
ET.3 - Competencia dixital								X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X						
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X						
ET.8 - Creatividade						X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero					X
ET.8 - Creatividade	X				X

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade étnica e cultural.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese e museos.	Se houberse ao longo do curso algunha exposición de interese poderase programar unha visita	X	X	X
Asistencia ás Charlas Temáticas ofertadas pola USC	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.		X	X
Viaxes culturais.	Está programada unha viaxe a Extremadura dentro das actividades extraescolares programadas ao inicio do curso.			X

### Observacións:

- As actividades constitúen un dos eixes fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. Realizaranse actividades nas que o alumnado deba despregar a súa capacidade de actuación, de reflexión e de creación.
- Fundamentalmente, os tipos de actividades que se presentan son os seguintes:
  - Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes. Realización dun vocabulario histórico, artístico e xeográfico (o alumnado elaborará un glosario de termos que terán que presentar ao profesorado),
  - Actividades de síntese de información, realización de esquemas, resumos, toma de apuntes en clase.
  - Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.
  - Redacción de traballos de temática histórica, pequenos traballos de investigación ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información.
- Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.
- As actividades fora da aula están definidas a través de tres fases:
  - Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.
  - Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
  - Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización das unidades e dos contidos
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Exposición da información
Eficacia e variedade das actividades e recursos
A práctica docente é innovadora
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Diversidade de recursos
Medidas de atención á diversidade
Estratexias de motivación do alumnado
Clima de traballo na aula
Interacción co alumnado

## Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.

- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.

- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.

- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.

- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.

- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.

- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Consecución de obxectivos: Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.

- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.

- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.

- Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.

- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.

- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.

- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.

- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.

2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáselle un peso real á observación do traballo na aula.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín II	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

## 1. Introducción

Latín II é unha materia troncal de modalidade que ten unha grande importancia para o alumnado que a cursa, xa que puntúa tanto na parte xeral como na específica das probas de ABAU. Esta é a razón pola que no deseño desta programación se tivo moito en conta tanto os contidos como os criterios de avaliación establecidos polo Grupo de Traballo de Latín da CiUG. Procédese seguidamente a comentar algúns aspectos que parecen salientables.

Unidades didácticas (UD). Optouse por unha distribución de contidos na que se agrupa en UD independentes toda a materia referente á literatura latina e á pervivencia da lingua latina, estando secuenciadas para seren tratadas durante todo o curso. Faise así para que a cualificación obtida nestes apartados, aos que se asigna un peso do 20 % respectivamente, poidan ser ponderados con precisión na fórmula que se propón para establecer a cualificación final. Introduciuse tamén unha UD3, baixo o título "Legado de Roma", na que se recollen criterios de avaliación (CA) e contidos establecidos no currículo, que poden ser tamén organizados e distribuídos doutra forma. Neste caso, pareceu oportuno concibir esta unidade como unha especie de proxecto ou traballo práctico no que o alumnado teña que desenvolver e traballar contidos da materia dun modo moito autónomo, potenciando así aspectos como a iniciativa persoal, a planificación autónoma, a curiosidade e a capacidade de aprender a aprender. Finalmente os contidos de natureza lingüística, que se consideran o núcleo da materia, ocupan o 70 % das UD da programación. Tratouse de que a distribución de contidos nestas fose aberto, deixando unha última UD dedicada exclusivamente a textos por ser moi frecuente que a partir de determinado momento do curso todo o traballo de aula se centre nestes.

Criterios de avaliación. Cada vez máis se está a insistir na necesidade de que os criterios de avaliación sexan claros e perfectamente axustados á normativa vixente, establecéndose pesos concretos para UD e avaliacións. En materias como Latín II, na que se entrecruzan contidos que esixen unha avaliación progresiva con outros que non admiten este sistema de avaliación, a configuración dunha fórmula final que se axuste perfectamente a isto pode non ser algo fácil. Para a determinación das cualificacións nesta programación propónse distinguir entre as cualificacións de avaliación e a cualificación final ordinaria. As cualificacións de avaliación veñen determinadas nesta proposta polas cualificacións obtidas nas probas correspondentes ás UD 4 a 10. Así pois, a cualificación da 3.ª avaliación será o resultado da aplicación dunha fórmula na que soamente se terán en conta os resultados obtidos nesta parte da materia (isto independentemente de que a cualificación da 3.ª avaliación se recolla ou non no boletín). Mais isto soamente reflicte o resultado obtido no apartado relativo aos contidos lingüísticos da materia. É por iso que para determinar a cualificación final hai que ter en conta os resultados obtidos nas UD1, 2 e 3 respectivamente, dando así lugar a unha fórmula que recolle con total precisión a ponderación establecida para as distintas UD ou agrupacións delas. Haberá quen prefira agrupar estes contidos en UD diferenciadas que se teñan en conta para o establecemento da cualificación de avaliación, mais isto pode complicar especialmente as cualificacións de recuperacións, etc.

Finalmente, no que atinxe á ponderación dos distintos contidos tomouse como referencia os criterios de avaliación establecidos polo Grupo de Traballo de Latín da CiUG.

Metodoloxía. As pautas metodolóxicas que se dan nesta programación son en grande medida froito da experiencia docente particular e vinculadas a un modo de organización da materia moi determinado. Como en 1º traballamos un método mixto, mesturando o método tradicional e o activo, non cremos que haxa problemas para seguir a actual configuración da proba da ABAU. Así sobre todo elaboraremos materiais específicos a partir dos autores de referencia para a proba de ABAU, que xa son propostos polo equipo de coordinación da proba da ABAU, a pesar de que se reconece que o traballo que isto implica é moito.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros. A experiencia docente propia di que este método é moi recomendable dado que dá ao profesorado dun modo rápido unha radiografía xeral da percepción que o alumnado ten dos aspectos considerados na enquisa.

Este ano contamos con 5 alumnos/as, dos cales dous teñen pendente Latín de 1º. Tentaremos arranxar un horario para preparar a materia. Probablemente coincidindo a hora de Atención coa de Reforzo de Galego.



## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A literatura latina. Introducción. Épica. Lírica. Historiografía. Teatro. Oratoria.	UD ampla na que se concentran todos os contidos de literatura e que se distribúe ao longo do curso. Despois de facer unha introdución xeral á literatura latina (trazos que a individualizan fronte a outras literaturas, grandes etapas, xéneros e autores), pásase ao tratamento duns xéneros e autores que se recomenda coincidan cos que serán obxecto de exame na proba de acceso á universidade.	20	10	X	X	X
2	Pervivencia da lingua latina.	Nesta UD hanse tratar con especial atención tres aspectos da materia: 1. Os prefixos e sufixos de orixe latina máis frecuentes e productivos nas linguas de repertorio do alumnado. 2. Os latinismos e aforismos de uso máis frecuente. 3. Toponimia galega. Aspectos xerais e particularidade da toponimia galega con exemplos concretos.	20	10	X	X	X
3	O legado de Roma.	Nesta UD o que se procura é que o alumnado desenvolva un pequeno traballo de investigación, a partir de criterios dados, sobre algún aspecto da herdanza do mundo clásico.	10	4	X	X	X
4	Gramática e textos I. Repaso morfoloxía nominal e pronominal. Oracións de relativo. Repaso dos nexos de coordinación e subordinación máis comúns.	Nesta UD o que se procura é un repaso rápido da morfoloxía nominal e pronominal tratada en 1.º de bacharelato e, por extensión, as oracións de relativo e os nexos de coordinación e subordinación máis comúns. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	1	4	X		
5	Gramática e textos II. Repaso morfoloxía verbal.	Nesta UD o que se procura é un repaso rápido da morfoloxía verbal vista en 1.º de bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	2	4	X		
6	Gramática e textos III. Morfoloxía nominal e pronominal. Afondamento no uso dos casos.	Nesta UD hanse explicar os contidos de morfoloxía nominal e pronominal non tratados en 1.º de bacharelato e que se consideren precisos para poder abordar os textos de 2.º. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	3	4	X		
7	Gramática e textos IV. Morfoloxía verbal. Formas	Nesta UD hase rematar o estudo das formas persoais do verbo latino.	4	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	persoais do verbo.	Normalmente isto comprenderá a explicación dos tempos de indicativo non traballados en 1.º e, sobre todo, o modo subxuntivo. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	4	8	X		
8	Gramática e textos V. Morfoloxía verbal. Formas non persoais do verbo.	Nesta unidade hanse tratar con detalle tanto a morfoloxía como, especialmente, os usos das formas non persoais do verbo latino precisas para abordar os textos de 2.º de bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	5	8		X	
9	Gramática e textos VI. Nexos de coordinación e subordinación.	Nesta unidade hanse tratar os nexos de coordinación e subordinación non tratados en 1.º de bacharelato, que se consideren precisos para abordar os textos de 2.º de bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato adaptados ao nivel de gramática tratado na aula.	6	8		X	
10	Textos VII.	Nesta unidade didáctica hanse tratar textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	29	56			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A literatura latina. Introducción. Épica. Lírica. Historiografía. Teatro. Oratoria.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.	Explica os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras literarias latinas.	PE	80
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crea textos individuais con intención literaria e conciencia de estilo, tomando como modelo textos literarios latinos.	TI	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen espertar o espírito crítico, mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpreta textos e fragmentos literarios sobre modelos dados na aula.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina e cuxa aprendizaxe combina coñecementos léxicos e culturais, en textos de diferentes formatos.	Identifica palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga a pegada da tradición literaria latina na súa contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- A lingua latina como principal vía de transmisión do mundo clásico.</li> <li>- Etapas e vías de transmisión da literatura latina. A transmisión textual latina como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> <li>- Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos.</li> <li>- Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios latinos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Pervivencia da lingua latina.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduce o significado etimolóxico e infire o significado de termos aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos.	PE	70
CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explica a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina.		
CA2.4 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Analiza prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir de criterios dados.		
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos en toponimia, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino.</li> <li>- Léxico:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.</li> <li>- Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.</li> </ul> </li> <li>- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O legado de Roma.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.	TI	100
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identifica o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración.		
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investiga algún aspecto do patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina incidindo especialmente na necesidade da súa preservación dun modo sostible.		
CA4.4 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explora as pegadas da romanización na súa contorna, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas.</li> <li>- O dereito romano e a súa importancia no sistema xurídico actual.</li> <li>- A importancia do discurso público para a vida política e social. A oratoria e as novas tecnoloxías.</li> <li>- Técnicas de debate e de exposición oral.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Gramática e textos I. Repaso morfoloxía nominal e pronominal. Oracións de relativo. Repaso dos nexos de coordinación e subordinación máis comúns.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas de textos adaptados e/ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando unidades lingüísticas regulares da lingua.	PE	78
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extrae as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron desde o latín ata a lingua de ensino.		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda as propias traducións, realizando propostas de mellora.	TI	22
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada con corrección fonética (le correctamente as letras e dígrafos) e prosódica (acentúa corectamente).		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planifica e participa, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo.		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analiza, interpreta e comenta textos literarios de diversa índole de crecente complexidade, a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua latina.
  - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).
  - Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.
  - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
  - Formas nominais do verbo.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
  - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
  - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
  - Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.
  - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
  - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
  - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
  - Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
  - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
  - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
  - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
  - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
  - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
  - Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
  - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
5	Gramática e textos II. Repaso morfoloxía verbal.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas de textos adaptados e/ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando unidades lingüísticas regulares da lingua.	PE	78
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extrae por escrito, de poder ser, en latín as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron desde o latín ata a lingua de ensino.		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda as propias traducións, realizando propostas de mellora.	TI	22
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada con corrección fonética (le correctamente as letras e dígrafos) e prosódica (acentúa corectamente).		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planifica e participa, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo.		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analiza, interpreta e comenta textos literarios de diversa índole de crecente complexidade, a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua latina.
  - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).
  - Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.
  - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
  - Formas nominais do verbo.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
  - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
  - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
  - Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.
  - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
  - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
  - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
  - Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
9. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana nalgunha das sedes deste festival.		X	
2. Visita á biblioteca do centro.	O alumnado visitará a biblioteca do centro para coñecer que recursos relacionados co latín en particular e coa cultura romana en xeral ten a biblioteca escolar.	X	X	X
3. Asistencia a os Ludi Compostellani	O alumnado asistirá e participará nos Ludi Compostellani			X

### Observacións:

A asistencia á representación de obras de teatro clásicas do Festival Grecolatino de Lugo, o que é básico, dado que en función destas representacións hanse marcar as lecturas do curso. Temporalización: mes de febreiro - marzo, en función das obras e sede que se escollan.

A visita á biblioteca do centro estará vinculada ás actividades de promoción da lectura da biblioteca. Temporalización ao longo de todo o curso.

A asistencia aos Ludi Compostellani lles permitirá facer unha inmersión no mundo romano dende a perspectiva máis lúdica.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

### Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co departamento de orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### **1. Procedemento de seguimento.**

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

### **2. Procedemento de avaliación.**

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se reflectirán na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

## 1. Introducción

A materia de Lingua Galega en segundo de bacharelato presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura neste curso marcan unha progresión a respecto dos da etapa anterior. Hai agora unha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como unha mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axudan a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a época das Irmandades da Fala e a actualidade. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica.

A proposta didáctica que se presenta para segundo de bacharelato está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos gardan relación con obras literarias da época que se estuda en cada unidade, agás no caso da primeira.

Abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos e están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade comeza cunha lectura, pois esta é un elemento de gran relevancia nesta programación didáctica. Nestas lecturas de apertura das unidades adoitan tratarse diferentes elementos transversais e nalgúns casos, empregamos textos de autores procedentes da contorna do alumnado, para este se vexa identificado e participe da historia que se conta, o que á súa vez redundará nunha maior motivación das/os estudantes.

Neste curso o alumnado elaborará tres proxectos, dous na segunda avaliación e un na terceira. Así, na cuarta unidade realizarán un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG. Na sexta unidade, o alumnado elaborará un proxecto de investigación consistente nunha presentación multimodal na que establecerá vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época en función de temas e tópicos. Por último, na novena unidade o alumnado confeccionará, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores que expoñerá, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.

Finalmente, hai que indicar que as lecturas obrigatorias propostas para cada trimestre corresponden a diferentes temáticas, autores e xéneros literarios. No primeiro trimestre lerán un ensaio sobre a vangarda galega; no segundo, unha obra de teatro pertencente á literatura galega do exilio e no terceiro trimestre, unha novela do século XXI.

Neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que, en xuño, se terá que enfrontar a unhas probas de prelación como son as ABAU, con repercusión no seu futuro profesional, o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1: Alba non é Alba, é Álvaro.	<p>As primeiras sesións desta unidade están destinadas á realización dunha avaliación inicial para ver os coñecementos de Lingua Galega que posúe o alumnado. Estudaranse as variedades dialectais do galego e haberá unha aproximación ao estudo das linguas da Península Ibérica. Veranse as unidades comunicativas: texto e enunciado e tamén as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).</p> <p>Abordarase a literatura galega do primeiro terzo do século XX (de 1916 a 1936): As Irmandades da Fala, a revista Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Levarase a cabo unha panorámica xeral da segunda República e do partido Galeguista. Traballarase na aula lecturas desta época con perspectiva de xénero para visibilizar o universo feminino.</p> <p>Procederase ao estudo da Fonética e da Fonoloxía do galego. Verase a caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos.</p>	10	10	X		
2	UNIDADE 2: Con anacos do meu interior.	<p>Tratamento das variedades xeográficas ou diatópicas; das variedades sociais ou diastráticas e por último, das variedades situacionais ou diafásicas. Estudaranse os textos orais do ámbito educativo. Valorará se existen usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, abusos a través da palabra e usos manipuladores da linguaxe.</p> <p>Estudarase a poesía galega de vangarda. Haberá unha lectura obrigatoria dun ensaio literario sobre a biografía e obra dun poeta da época de vangarda, estableceranse vínculos entre a obra lida e outras obras de actualidade.</p> <p>Estudarase a clasificación das sílabas; así como os conceptos de ditongo, tritongo e hiato. Máis tarde abordaranse os conceptos de acento e entoación.</p>	10	10	X		
3	UNIDADE 3: Os camiños da vida.	<p>Tratamento pomenorizado das variedades xeográficas da lingua galega. Estudaranse as características dos tres bloques dialectais e veranse os trazos das áreas de cada un deles.</p> <p>Trataranse as características da argumentación oral formal e o alumnado</p>	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNIDADE 3: Os camiños da vida.	<p>deberá realizar un discurso deste tipo sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo e debe facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.</p> <p>Estudárase a prosa do primeiro terzo do século XX e, nomeadamente, o Grupo Nós. Tamén se abordará o teatro no primeiro terzo do século XX. O alumnado acudirá á biblioteca do seu centro para buscar obras do Grupo Nós e leranse algúns fragmentos daquelas máis representativas nas que poidan compartir a súa experiencia lectora. Estudárase a estrutura e as clases de palabras, a formación de palabras, as familias léxicas e os desvíos léxicos.</p>	10	9	X		
4	UNIDADE 4: O soño sulagado.	<p>Comezase a unidade abordando o concepto de variedade estándar, como foi a súa fixación e cal foi o proceso de normativización do galego moderno. A seguir, ensináranse estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</p> <p>Continuárase co estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Reflexionárase sobre o que son as fake news nas redes sociais ou noticias falsas.</p> <p>Estudárase a prosa entre 1936 e 1976 (a narrativa e o ensaio).</p> <p>Realízase un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG.</p> <p>Pescúdanse obras da literatura galega e lusófona do período comprendido entre 1936 e 1976 que constitúan precedentes. Esta é tamén unha unidade de introdución á semántica. Veranse os conceptos de significado, denotación e connotación; así como os diversos tipos de significado que existen (léxico, categorial, instrumental, sintáctico ou estrutural e óntico).</p>	10	10		X	
5	UNIDADE 5: A soldadeira.	<p>Abordárase a presenza que ten o galego nos medios de comunicación contrastando diferentes xornais existentes, tanto en formato dixital coma impreso e tamén se fará unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.</p> <p>Estudáranse as características dos textos académicos e a súa tipoloxía. O alumnado elaborará unha monografía de compilación,</p>	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	UNIDADE 5: A soldadeira.	<p>por parellas, que publicará posteriormente na revista dixital do centro atendendo á corrección gramatical e ortográfica. Este será o traballo que deberán presentar para a segunda avaliación.</p> <p>Estudo da Nova Narrativa Galega e da literatura galega no exilio. O alumnado lerá unha peza teatral pertencente á literatura galega do exilio. Establecerán vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</p> <p>O alumnado localizará os verbos e as perífrases verbais existentes nun fragmento dunha obra narrativa da época literaria que se estuda nesta unidade e que lle será achegado pola/o docente.</p>	10	10		X	
6	UNIDADE 6: O cabodano.	<p>Tratamento dos estereotipos e prexuízos lingüísticos.</p> <p>Veranse as principais estruturas textuais (narrativa, expositiva, persuasiva ou dialogada e poética). A seguir, o alumnado elaborará un ensaio de carácter expositivo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>No ámbito literario, estudarase o teatro galego entre 1936 e 1976. O alumnado elaborará unha presentación multimodal na que establecerá vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época.</p> <p>Estudo das diferentes perífrases verbais do galego; de xeito que ao remate da unidade o alumnado deberá clasificar os distintos tipos de perífrases que hai nun fragmento dun texto teatral do século XX que lle achegará a/o docente.</p> <p>Finalizarase esta unidade cun repaso do que son as unidades e funcións sintácticas (a frase e a oración).</p>	10	9		X	
7	UNIDADE 7: O puño e a letra.	<p>Haberá unha aproximación ao estudo das linguas da Península Ibérica. Estudaranse as semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre estas linguas, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</p> <p>A partir dun artigo científico achegado pola/o docente, o alumnado identificará o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor, realizando as inferencias necesarias e con</p>	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UNIDADE 7: O puño e a letra.	<p>diferentes propósitos de lectura A poesía de 1976 á actualidade. O alumnado realizará de xeito individual un booktráiler que divulgará nunha rede social sobre un poema desta época. Continuando co estudo da sintaxe iniciado no curso anterior, nesta unidade estudaranse todos os tipos de unidades e estruturas sintácticas, con especial atención ás oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo, subordinadas adverbiais).</p>	10	10			X
8	UNIDADE 8: Senlleiras.	<p>Nesta unidade o alumnado contrastará os trazos lingüísticos distintivos do galego e do portugués. Continuarase co estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Estudarase a entrevista como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación. Estudarase a prosa de 1976 á actualidade. O alumnado será avaliado da lectura dunha novela do século XXI na que terá que establecer conexións con outras obras da tradición literaria galega que vimos neste curso. Utilizará información sociohistórica e cultural para interpretar esa novela e comprender o seu lugar na tradición literaria. Localizará as funcións sintácticas en oracións compostas por subordinación, a partir de exemplos achegados pola/o docente.</p>	10	10			X
9	UNIDADE 9: Fillos do sol.	<p>Nesta unidade estudaranse estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. O alumnado valorará o contido e a forma de textos científicos avaliando a súa calidade e fiabilidade. Elaborará un traballo de investigación que publicará na revista dixital do centro educativo sobre o futuro da lingua galega en 2050 localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes. Atenderá á corrección gramatical e ortográfica. Procurará de xeito autónomo e seleccionará a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Abordarase o estudo do teatro de 1976 á actualidade. As/os estudantes analizarán os elementos constitutivos do teatro desta</p>	20	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	UNIDADE 9: Fillos do sol.	época. Confeccionarán, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores que expoñerán, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.	20	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1: Alba non é Alba, é Álvaro.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Distingue as unidades comunicativas e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).	PE	50
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe caracterizar os fonemas vocálicos e consonánticos.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades dialectais do galego.	TI	50
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras do primeiro terzo do século XX (de 1926 a 1936).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</li> </ul>

## Contidos

- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2: Con anacos do meu interior.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades xeográficas, as variedades sociais e as variedades situacionais.	PE	70
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Realiza a lectura dun ensaio literario sobre a biografía e obra dun poeta da época de vangarda e interpreta pasaxes deste.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Establece vínculos entre o ensaio literario lido nesta unidade e outras obras de actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Identifica ditongos, tritongos e hiatos nun texto en prosa proporcionado pola/o docente.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recolle o sentido global da información que se transmite nunha conferencia. Analiza a intención do emisor. Valora se existen usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, abusos a través da palabra e usos manipuladores da linguaxe.	TI	30
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os trazos distintivos da poesía galega de vangarda en textos da época achegados pola/o docente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.</li> <li>- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3: Os camiños da vida.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Diferencia os procedementos de formación de palabras.	PE	25
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Distingue os trazos diferenciadores dos tres bloques dialectais (occidental, central e oriental).	TI	75
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha argumentación oral formal sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Acode á biblioteca do seu centro para buscar textos do Grupo Nós e le algúns fragmentos das obras máis representativas. Comparte a súa experiencia lectora e establece vínculos con outras obras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	UNIDADE 4: O soño sulagado.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Coñece o proceso de normativización do galego moderno e é quen de argumentar sobre a importancia da normativización no desenvolvemento das linguas modernas.	PE	40
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os diversos tipos de significado que existen (léxico, categorial, instrumental, sintáctico ou estrutural e óntico).		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais.	TI	60
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Reflexiona sobre o que son as fake news ou noticias falsas que aparecen nas redes sociais e adoitan interesar a moito público co obxectivo de desacreditar a algunha persoa ou institución e conseguir visitas cun fin económico. É quen de identificarlas e atopar as fontes fidedignas adecuadas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.</li> <li>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	UNIDADE 5: A soldadeira.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le unha peza teatral pertencente á literatura galega do exilio. Establece vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Domina a información sociohistórica, cultural e artística da época correspondente á Nova Narrativa Galega e da literatura galega do exilio.	PE	45
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os verbos e as perífrases verbais existentes nun fragmento dunha obra narrativa da época literaria que se estuda nesta unidade que lle será achegado pola/o docente.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Contrasta, en diferentes xornais, tanto en formato dixital coma impreso, a presenza que ten o galego e fai unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora unha monografía de compilación, por parellas, que publicará posteriormente na revista dixital do centro atendendo á corrección gramatical e ortográfica. Este será o traballo que deberán presentar para a segunda avaliación.	TI	55

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

#### **Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5 e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior. Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os seguintes apartados que se expresan a seguir:

- Introdución
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do

mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

Ademais, en previsión de calquera circunstancia, tipo COVID ou outras, achegouse unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a metodoloxía e indicadores de logro mínimos, por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

Valorárase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia...

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.

12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

Estas propostas foron incluídas na memoria final do Departamento

Na última reunión do Departamento didáctico recollíanse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do Departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	37
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	42
9. Outros apartados	47

## 1. Introducción

Neste documento preséntase a programación didáctica de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II do 2º curso de Bacharelato, para curso 23/24, no I.E.S. As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña).

Para a súa elaboración tívose como referencia o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como tamén:

- a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa,
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,
- e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O IES As Fontiñas ubícase ao norte do barrio do mesmo nome, moi próximo ao núcleo de San Lázaro e ao tramo final do Camiño Francés. Pola nosa situación dentro da cidade estamos moi ben comunicados cos municipios situados ao norte de Santiago: Touro e O Pino, de onde provén a maioría do noso alumnado.

No centro impártense no curso 23/24 estudos de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional das familias Administrativa e de Edificación e Obra Civil.

O alumnado que cursa bacharelato, (88 alumnos/as), procede en gran número do CPI "Camiño de Santiago" do Pino e do CPI "Fonte-Díaz" de Touro. Contamos ademais con alumnas/os da contorna do centro que veñen facer aquí os estudos de bacharelato procedentes de distintos centros da cidade e dos arredores, nos que fixeron a ESO ou bacharelato.

O departamento de matemáticas é un departamento unipersoal. O profesor, e xefe do departamento, é José Antonio Caneda Vidal.

As materias asignadas ao departamento son:

Matemáticas I, Matemáticas Aplicadas ás CCSS I, Matemáticas Xerais I, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, Reforzo de Matemáticas en 1º de Bacharelato e Reforzo de Matemáticas en 2º de Bacharelato

O xefe do departamento imparte todas as materias, excepto Matemáticas Xerais I que é impartida polo profesor do departamento de EOC, Luis Miguel Romero Vázquez

En 2º de Bacharelato hai 1 grupo composto por 22 alumnas e alumnos (16 e 6 resp) con idades comprendidas entre os 17 e os 18 que cursan Matemáticas Aplicadas ás CCSS II.

Do alumnado que forma o grupo, 3 persoas están repetindo 2º de Bacharelato e dúas teñen pendente a materia de Matemáticas Aplicadas I

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

No bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais tratarase de desenrolar un proceso de ensino-aprendizaxe que poña énfase nos aspectos prácticos, presentando as Matemáticas como un instrumento de intercomunicación de coñecementos.

Dentro das Ciencias Sociais incorpórase un aparato matemático que se utiliza para describir, analizar e sintetizar a realidade. Hoxe en día, calquera das chamadas Ciencias Sociais precisa duns mínimos matemáticos que o bacharelato debe proporcionarlle: os aspectos cuantitativos da Xeografía, as datacións cronolóxicas da Historia, a Estatística social...non se conciben sen unha expresión matemática. Por iso debemos traballar nas seguintes habilidades:

- A comprensión e uso das diferentes linguaxes matemáticas: numérica, gráfica, lóxica, xeométrica e probabilística.
- As estratexias xerais de resolución de problemas.

En definitiva tratarase de que o alumnado estea capacitado para comprender, interpretar e sacar conclusións de escritos nos que aparezan termos matemáticos non especialmente técnicos e participar na elaboración de traballos nos que se precisen certas técnicas matemáticas. Por outra parte, os coñecementos adquiridos tamén serven para

analizar as informacións que aparecen nos medios contribuíndo a formar cidadáns con autonomía e criterio propio.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	2	40	3	3	
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias sociais.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	2-3				32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Límites e continuidade	Nesta unidade trabállanse os conceptos de límite e continuidade, incluíndo o cálculo de límites, a resolución de indeterminacións e os teoremas relacionados coa continuidade.	8	10	X		
2	Derivadas	O obxecto desta unidade son fundamentalmente o desenvolvemento do cálculo diferencial: concepto de derivada e a súa interpretación xeométrica, o estudo da derivabilidade dunha función, as derivadas das funcións elementais...	9	10	X		
3	Aplicacións das derivadas	A monotonía, os extremos relativos, a curvatura, o cálculo de puntos de inflexión e os principais teoremas relacionados coa derivabilidade trátanse nesta unidade didáctica.	8	10	X		
4	Representación de funcións	O traballo desta unidade ten por obxectivo poñer en práctica o estudo das características dunha función de cara a ser quen de realizar a súa representación gráfica.	8	9	X		
5	Integrais	Nesta unidade desenvólvense os conceptos relacionados coa integración e os diferentes métodos que serven para calcular integrais. O cálculo de áreas, a regra de barrow e o teorema do valor medio son tamén materia desta unidade.	9	12	X		
6	Matrices	A unidade de matrices ten asociados os distintos conceptos desta parte da álgebra: os tipos de matrices, as operacións con matrices, o cálculo do rango dunha matriz polo método de Gauss e concepto de matriz	8	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Matrices	inversa e obtención de devandita inversa polo método de Gauss-Jordan.	8	10		X	
7	Determinantes	Desenvólvense nesta unidade o concepto de determinante, as principais propiedades dos determinantes e o cálculo dunha matriz inversa utilizando determinantes.	8	8		X	
8	Sistemas de ecuacións	Os sistemas de ecuacións lineais, os distintos métodos de resolución (Gauss e a regra de Cramer), o Teorema de Rouché-Fobenius e a discusión de sistemas son os contidos e destrezas desenvoltoos nesta unidade.	9	10		X	
9	Programación lineal	As inecuacións e a formulación e resolución de problemas de programación lineal trabállanse nesta unidade.	9	10		X	
10	Probabilidade	Nesta unidade trátanse os conceptos asociados á probabilidade e os teoremas das probabilidades totais e de Bayes.	9	10			X
11	Distribucións binomial e normal	A distribución binomial, a distribución normal e aproximación da distribución binomial p pola normal son obxecto de estudo nesta unidade.	9	10			X
12	Inferencia estatística. Estimación	A mostraxe, a estimación e a obtención de intervalos de confianza e o cálculo do erro na estimación por intervalos son os contidos desta Unidade.	6	7			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Límites e continuidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas.	PE	80
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Calcula límites con corrección. Comprende o concepto de continuidade.		
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	É quen de obter o valor dun límite de xeito razoado. Argumenta e razoa a continuidade dunha función tendo en conta todos as posibles discontinuidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	TI	20
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambio.</li> <li>- Aplicación dos conceptos de límite e derivada á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións.</li> <li>- Tendencia da función. Asíntotas.</li> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables. Funcións a anacos.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> </ul>

### Contidos

- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
2	Derivadas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Estuda a derivabilidade das funcións utilizando límites e tendo en conta a necesidade de ser continuas.	PE	80
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Utiliza as regras de derivación de funcións e coñece as propiedades das derivadas así como o concepto e a súa interpretación xeométrica.		
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Argumenta, empregando con rigor a linguaxe matemática, a validez da ou das solucións obtidas.		
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as	TI	20
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Cambio.
- Aplicación dos conceptos de límite e derivada á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións.
- Tendencia da función. Asíntotas.
- Intervalos de monotonía.
- Extremos relativos e absolutos dunha función derivable.
- Resolución de problemas de optimización mediante a derivada en contextos diversos.
- Padróns.
- Xeneralización de padróns que xorden en situacións diversas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
3	Aplicacións das derivadas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Estuda as características das funcións utilizando as derivadas (monotonía, curvatura...)	PE	80
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Recoñece os puntos críticos no estudo das características das funcións.		
CA2.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Realiza correctamente, utilizando funcións e as súas derivadas, problemas relacionados coa vida cotiá e e das ciencias sociais. tales como problemas de crecemento, decrecemento e máximos e mínimos.		
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Interpreta correctamente a solución obtida na resolución dun problema argumentando a súa viabilidade.		
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	É capaz de obter, de diversas formas (xeométrica, analítica,...), solucións aos problemas solicitados		
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos coa axuda das derivadas e interpreta o resultado obtido dentro do contexto	TI	20
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas (Geogebra, Symbolab,...) para a representación de funcións.		
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saud	Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento...		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Cambio.
- Aplicación dos conceptos de límite e derivada á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións.
- Tendencia da función. Asíntotas.
- Intervalos de monotonía.
- Extremos relativos e absolutos dunha función derivable.
- Modelización de situacións que conducen a problemas de optimización.
- Resolución de problemas de optimización mediante a derivada en contextos diversos.
- Padróns.
- Xeneralización de padróns que xorden en situacións diversas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.
- Pensamento computacional.
- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando as ferramentas ou os programas informáticos máis adecuados.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
4	Representación de funcións	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Representa con corrección funcións pempregando o cálculo diferencial, o calculo de limites (asintotas), etc	PE	80
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Estuda as características das funcións de cara a obter a súa representación.		
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	É capaz de representar funcións a partir do estudo das súas características.		
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as	TI	20
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saud	Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento...		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambio.</li> <li>- Aplicación dos conceptos de límite e derivada á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións.</li> <li>- Tendencia da función. Asíntotas.</li> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables. Funcións a anacos.</li> <li>- Relacións e funcións.</li> <li>- Representación, análise e interpretación de funcións, empregando os conceptos de límite e derivada. Uso de ferramentas dixitais.</li> <li>- Propiedades das distintas clases de funcións: comprensión e comparación.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Integrais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Comprende o concepto de primitiva dunha función. Manexa con soltura o concepto de integral definida e indefinida. Resolve integrais inmediatas e casi inmediatas, por partes e cambios de variable simples	PE	60
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas.		
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Interpreta correctamente a solución obtida argumentando a súa viabilidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.	TI	40
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Interpretación da integral definida como a área baixa unha curva.</li> <li>- Propiedades da integral definida.</li> <li>- Regra de Barrow.</li> <li>- Técnicas elementais para o cálculo de primitivas.</li> <li>- Integral indefinida. Propiedades.</li> <li>- Integrais inmediatas e case inmediatas.</li> <li>- Cálculo de áreas planas (recintos planos limitados por unha ou dúas curvas).</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Matrices	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Comprende o concepto de matriz e aplica as súas propiedades con corrección. Identifica distintos tipos de matrices (diagonal, triangular, identidade, nula, adxunta,...) e opéraas con corrección.	PE	80
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas puramente matemáticos ou relacionados con outras áreas empregando matrices.		
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Emprega as matrices como elemento de representación de datos.		
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade	TI	20
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Matrices. Tipos de matrices.</li> <li>- Adición e produto de matrices: interpretación, comprensión e aplicación adecuada das propiedades.</li> <li>- Produto dun número real e unha matriz. Propiedades.</li> <li>- Rango dunha matriz.</li> <li>- Matriz inversa.</li> <li>- Estratexias para operar con números reais, matrices e calcular determinantes: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando matrices.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Conxuntos de matrices: estrutura, comprensión e propiedades.</li> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Técnicas e uso de matrices para, polo menos, modelizar situacións nas que aparezan sistemas de ecuacións lineais, grafos ou asociadas a imaxes dixitais.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Determinantes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Domina o concepto de determinante, o seu cálculo e as súas propiedades aplicándoas de xeito apropiado.	PE	80
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Comprende o concepto de matriz inversa, identifica cando existe a matriz inversa dunha matriz dada e calcúlala con corrección. Manexa o concepto de rango dunha matriz. Calcula con corrección e rigor o rango dunha matriz en función dun parámetro.		
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Emprega de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, e de determinantes	TI	20
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as correccións e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
----------



## Contidos

- Sentido das operacións.
- Determinante dunha matriz.
- Rango dunha matriz.
- Matriz inversa.
- Estratexias para operar con números reais, matrices e calcular determinantes: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados.
- Pensamento computacional.
- Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistemas de ecuacións	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Resolve sistemas de ecuacións. Discute e resolve sistemas de ecuacións en función dun parámetro. Relaciona sistemas de ecuacións lineais con conceptos de linguaxe matricial, utilizando diferentes métodos para a súa resolución.	PE	80
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Modelizar e resolve situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando sistemas de ecuacións		
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a resolución de sistemas.	TI	20
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Sistemas de ecuacións: modelización de situacións en diversos contextos.</li> <li>- Igualdade e desigualdade.</li> <li>- Obtención de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de sistemas de ecuacións e inecuacións, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.</li> <li>- Resolución de sistemas de ecuacións, empregando o método de Gauss.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando as ferramentas ou os programas informáticos máis adecuados.</li> <li>- Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> </ul>

## Contidos

- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
9	Programación lineal	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Resolve sistemas de inecuacións e calcula graficamente a solución (Rexión factible)	PE	80
CA3.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Obtén os vértices da rexión factible, avalía a función obxectivo e calcula a solución óptima en problemas da vida cotiá e das ciencias sociais.		
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Escolle de xeito razoado e argumentando a solución óptima e determina se unha solución é válida ou non.		
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Modeliza problemas da vida cotiá e das ciencias sociais escribindo as inecuacións e a función obxectivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade	TI	20
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Programación lineal: modelización de problemas.</li> <li>- Igualdade e desigualdade.</li> <li>- Obtención de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de sistemas de ecuacións e inecuacións, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.</li> <li>- Programación lineal: resolución de problemas mediante algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Probabilidade	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Recoñece a probabilidade como medida da incerteza de fenómenos aleatorios. Coñece os distintos xeitos de definir a probabilidade dun suceso	PE	80
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Identifica sucesos elementais e compostos e as súas operacións. Estudia a independencia de sucesos aleatorios, partindo da idea de probabilidade condicionada. Coñece o teorema da probabilidade total e de Bayes.		
CA4.2 - Representar e visualizar ideas matemáticas estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Calcula probabilidade condicionada.. Constrúe diagramas de árbore ou táboas de continxencia asociadas a un experimento aleatorio composto.		
CA4.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas empregando probabilidade condicionada, probabilidade total e/ou teorema de Bayes. Emprega diagramas de árbore e/ou táboas de continxencia para a resolución de problemas de probabilidade.		
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade	TI	20
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretacións subxectiva, clásica e frecuentista.</li> <li>- Incerteza.</li> <li>- Probabilidade condicionada e independencia de sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia.</li> <li>- Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Distribucións binomial e normal	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Diferencia entre variables aleatorias discretas e continuas. Coñece os parámetros de unha distribución. Identifica situacións problemáticas que son susceptibles de ser resoltas mediante unha distribución binomial ou normal.	PE	40
CA4.2 - Representar e visualizar ideas matemáticas estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Calcula probabilidades en distribucións nomais, tipificadas ou non, e formula e calcula aproximacións dunha binomial por unha normal, aplicando a corrección de Yates, coa axuda da representación gráfica da distribución normal		
CA4.3 - Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais que resolvan problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, seleccionando a máis adecuada segundo a súa eficiencia.	Selecciona correctamente a ferramenta e/ou estratexia óptima na resolución de problemas estadísticos.		
CA4.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas empregando distribución binomial e/ou normal. Calcula probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal se procede.	TI	60
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coerente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Distribucións de probabilidade.

## Contidos

- Variables aleatorias discretas e continuas. Parámetros da distribución. Distribucións binomial e normal.
- Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación da distribución binomial pola distribución normal.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
12	Inferencia estatística. Estimación	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Coñece distintas técnicas de mostreo e é quen de analizar a representatividade dunha mostra. Coñece e utiliza o teorema central do límite para aproximar a distribución da media e da proporción mostrais mediante unha distribución normal.	PE	80



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais que resolvan problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, seleccionando a máis adecuada segundo a súa eficiencia.	Realiza estimacións puntuais dos diferentes parámetros dunha poboación. Constrúe intervalos de confianza para a media e a proporción e calcula o erro na estimación por intervalos e o tamaño das mostras. Obtén e analiza a información estatística de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais.		
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as	TI	20
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coerente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Inferencia.</li> <li>- Representatividade dunha mostra segundo o seu proceso de selección. Selección de mostras representativas. Técnicas de mostraxe.</li> <li>- Teorema central do límite. Aproximación da distribución da media e da proporción mostrais mediante a distribución normal.</li> <li>- Estimación puntual da media, a proporción e a varianza.</li> <li>- Intervalos de confianza para a media e a proporción, baseados na distribución normal: construción, análise e toma de decisións en situacións contextualizadas.</li> <li>- Emprego de ferramentas dixitais na realización de estudos estatísticos.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas.</li> </ul>

**Contidos**

- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

**4.1. Concrecións metodolóxicas**

As pautas metodolóxicas que se seguirán, basearanse na concepción construtivista da aprendizaxe na que os alumnos aprenden na medida en que poden construír significados arredor dos contidos curriculares.

Buscaremos unha aprendizaxe significativa que implicará que o alumno atope relacións entre as aprendizaxes anteriores e os contidos que está a aprender e faga uso desa aprendizaxe diante de diferentes situacións, tanto da vida cotiá como de posteriores aprendizaxes.

Posto que non todos os alumnos teñen os mesmos coñecementos previos sobre un determinado contido é fundamental facer unha diagnose inicial.

Os novos contidos que pretendemos introducir estarán suficientemente próximos ós seus coñecementos previos e adecuados ás súas capacidades e serán organizados e expostos por parte do profesor/a de forma clara e sinxela e ampliados progresivamente. Así mesmo os erros ou ideas imprecisas que se observen trataranse cunha dimensión positiva contrastándoos cos novos contidos.

Os alumnos teñen que percibir unha dificultade accesible e ser conscientes da funcionalidade dos coñecementos que están a aprender se queremos que se sintan motivados na súa aprendizaxe e que non caian no desinterese.

A aprendizaxe será interactiva, fomentárase a participación de todo o alumnado nas actividades propostas, a reflexión en grupo, a exposición de distintos puntos de vista e das dúbidas que xurdan, a discusión de distintos procedementos válidos, etc. pois iso fará que os alumnos/as, baixo a supervisión do profesor, vaian construíndo e descubriendo, emitindo hipóteses, predicindo consecuencias e establecendo novas relacións.

Para afianzar o aprendido débenselle presentar actividades e estratexias que os forcen a aplicar as novas estruturas adquiridas; entre estas estarán a resolución de problemas, que se caracterizarán por representar situacións o máis próximas posible ás experiencias dos alumnos e por resultarlles accesibles, de xeito que poidan atopar sentido neles, ben porque lles sirvan para interpretar a realidade, ben porque resulten instrumentos esenciais para acceder a outros coñecementos matemáticos ou doutras materias. Así mesmo é importante a proposta de traballos en grupo que estimulen a curiosidade, a reflexión e o debate ata chegar a seleccionar a resposta máis axeitada á situación problemática.

Tras isto virá unha fase de reflexión sobre os avances realizados na aprendizaxe que atinxirá ó alumnado e ó profesor.

Para favorecer a comprensión das matemáticas deberase evitar unha excesiva abstracción, unha simple transmisión de contidos do profesor ó alumno e a realización de exercicios que supoñan soamente unha repetición de procesos ou que presenten metas inalcanzables para os alumnos.

Neste proceso debemos valorar os logros do alumno, non realizar descualificacións totais a un traballo, valorar o esforzo e o interese, eloxiar a constancia na busca de solucións e a capacidade de reparar os erros...

Compre ter en conta que nos atopamos nunha etapa de Ensinanza non obrigatoria, á que acceden alumnos/as que en principio se supón pretenden seguir estudos universitarios ou ciclos profesionais superiores. Inda que xa non se trata de aplicar un criterio de ensinanza comprensiva, que parta do nivel real dos alumnos e que intenta permitir o seguimento da clase a todos os que manifesten un mínimo interese (como é o caso na E.S.O. polo seu carácter de ensinanza obrigatoria), se se procedese con absoluto rigor con respecto ós coñecementos previos do alumnado, que neste nivel hai que supoñer e, xa que logo, partir deles, serían demasiado poucos os que poderían seguir a clase. En consecuencia parece inevitable un camiño intermedio entre estes extremos. Daquela intentarase acadar un nivel de formalización matemática imprescindible, especialmente en 2º, reducindo cada tema ó mínimo esencial, pero non transformando a ensinanza nun repaso da materia de E.S. O. O enfoque será de todos xeitos preferentemente

intuitivo e operativo, chegando ó formalismo lóxico, sempre que sexa posible, a partir da introdución intuitiva, en base ás dificultades xurdidas en problemas paradigmáticos que corresponden precisamente cós saltos cualitativos conceptuais.

Trátase de desenvolver no alumno/a a confianza en si mesmo e na asequibilidade da Matemática, e sobre todo, o seu carácter de factor de expresión e interpretación da realidade. Compre coidar tamén o tecido de interrelacións temáticas tanto explicitándoo a posteriori como dándolle ó alumnado oportunidade de descubri-lo por si mesmos nos exemplos concretos. Isto reflectirase tamén na formulación de exercicios e problemas, sexan a realizar durante a clase ou nas probas de avaliación. De maneira habitual, se lles presentará aos alumnos, na aula, os contidos de cada sesión polo método que se considere máis axeitado, proporcionándolle ós alumnos apuntes, follas de exercicios, etc... de consideralo necesario. Indicaráselles ós alumnos o libro de texto (en papel ou en formato dixital) recomendado. Ademais o profesor proporcionará material adicional de reforzo ou ampliación ó alumnado de consideralo oportuno.

Empregarase a calculadora de xeito habitual. Tratarase sempre de que os alumnos e alumnas utilicen a calculadora sen que substitúa por completo ó cálculo mental, pero si que se manexe como elemento imprescindible de axuda en cálculos e resolución de problemas máis complexos, nos que o cálculo non é a parte esencial. En definitiva, preténdese que o seu uso

favoreza a dedicación de máis tempo a tarefas típicas da resolución de problemas como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións, a comunicación do proceso seguido e dos resultados obtidos, etc. Buscarase tamén a formulación de problemas que salienten as interrelacións entre varios bloques, así como ámbitos de aplicación práctica dos conceptos.

Polo tanto, a metodoloxía a seguir será

- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.
- Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.
- Uso de materiais e procedementos de resolución variados.
- Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.
- Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.
- Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.
- Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

## MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de

base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

**A clase invertida:** nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

**Métodos expositivos:** fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

**Métodos demostrativos:** a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

**Método titorial:** a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes

tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

## TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

### Actividades de reforzo e ampliación



Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

### Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos feitos polo profesor e materiais de uso libre descargados de internet
Fichas de traballo de reforzo, consolidación e ampliación
Software específico (uso de Geogebra, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Ordenadores para traballo do alumnado (na aula de informática)

O desenvolvemento das clases terá lugar de xeito ordinario na aula do grupo. Estas aulas están equipadas con encerado dixital e encerado tradicional.

Ademais, cando sexa necesario, utilizarase a aula de informática na que contamos con ordenadores nos que se instalará o software necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e na que se utilizarán tamén aplicacións web.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é aquela que se leva a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade para rexistrar e para diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos previos dos alumnos e das alumnas respecto aos novos contidos que se van tratar e para apreciar e para valorar as diferenzas que existan dentro do grupo, atendendo así a diversidade.

Os medios que se utilizaran para levar a cabo a avaliación inicial serán:

- Probas escritas relacionadas cos contidos e os criterios de avaliación de cada unidade didáctica do curso pasado.
- Observación do traballo do alumnado durante as primeiras semanas do curso

- Tamén, para completar esta avaliación inicial, consultaremos a documentación (informes individualizados) existente no centro sobre os alumnos/as, os informes do profesorado e os resultados das avaliacións do curso pasado. Todos estes datos serán recollidos na ficha de cada alumno/a e así o profesorado terá unha información de referencia para ver os logros e avances do alumnado ao longo do curso. Os resultados desta avaliación tamén servirán para que o profesorado concrete mellor o nivel de aprendizaxe coa que debemos comezar cada unidade didáctica e introducir as modificacións necesarias na programación para axustar a aprendizaxe ás necesidades reais do alumnado.

Se fose necesario, faranse reaxustes das actividades e do material didáctico para alumnos concretos mediante reforzos individuais.

A realización desta avaliación inicial será a principios do mes de outubro, en data que concretará a CCP

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	9	8	8	9	8	8	9	9	9
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	60	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	40	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	9	6	100
<b>Proba escrita</b>	40	80	75
<b>Táboa de indicadores</b>	60	20	25

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas (exames) cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. Estes criterios serán os referidos as unidades didácticas que, para cada avaliación, están recollidas no apartado 3.1 da presente programación. Os CA que se avaliaren en cada unidade didáctica son os

que aparecen reflectidos no apartado 3.3 da presente programación. As datas de realización destas probas serán

## anunciadas coa suficiente antelación

En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta ou exercicio e no seu defecto valorarase a cada unha por igual.

Despois de ditas probas e nun tempo prudente desde a súa realización, o profesor mostrará os exames e, se fose necesario, explicará ao alumnado as correccións.

As actividades de avaliación serán similares ás que se realizaron durante a aprendizaxe.

Aquel alumno/a que non acuda a unha destas probas escritas terá dereito a facela noutro momento desa avaliación sempre e cando presente ao seu titor a xustificación oportuna desa falta (de carácter xurídico, médico...). Mentres iso non ocorra non se realizará dito exame e a nota do mesmo será un cero.

En canto a corrección concreta de cada unha das preguntas, valoraranse fundamentalmente os coñecementos prácticos:

- Aínda que a resposta a unha pregunta non sexa a correcta, outorgaráselle unha valoración parcial en consideración co grao de consecución correcto acadado, se é que procede.

- Se nalgunha resposta se detecta un erro grave de base, impropio do nivel correspondente, a valoración da resposta será nula.
- No desenvolvemento das respostas, teranse en conta os seguintes aspectos:
  - A coherencia ordenada e razoada da exposición de resposta.
  - A claridade da exposición.
  - A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
  - A facilidade e precisión na realización do cálculo.
- Se no desenvolvemento dunha resposta, por un erro nos cálculos, o alumno ou alumna obtén unha solución absurda, valorarase positivamente que faga constar o absurdo de tal resultado.
  - A ausencia de explicación na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación nula se só aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningún razoamento que xustifique a obtención do resultado.
  - Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución de problemas con representacións gráficas, posto que se valorará a corrección e detalle das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.
  - Nos exames esíxese limpeza e claridade.

Os criterios avaliados mediante probas escritas supoñen o 80% da nota de cada unidade didáctica. Polo tanto, o 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada (cando nunha proba escrita se avale máis dinha unidade didáctica, na ponderación terase en conta o peso de cada unha delas) destas probas escritas, O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados, entre outros, os criterios de avaliación correspondentes ao Bloque B5, Sentido socioafectivo, que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- As saídas ao encerado
- A observación diaria na aula

(O bloque 5, de xeito transversal, traballarase en todas e cada unha das Unidades Didácticas e, en todas elas, a suma dos pesos asignados aos criterios de avaliación asociados aos mesmos, supón un máximo 20% da notada unidade didáctica)

Avaliación ordinaria de xuño:

A nota que aparecerá no boletín da 3ª avaliación será a nota final de Matemáticas para ese curso e obterase da media ponderada (segundo os pesos de cada unha das unidades didácticas impartidas en cada trimestre)) das notas dos tres trimestres sempre que cada un deles teña unha nota superior ou igual a 5 (ou teñan un máximo dunha avaliación suspensa cun 4) , despois de realizar as recuperacións pertinentes da 1ª e 2ª avaliación e a recuperación final, se esta fose necesaria.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado con nota inferior a cinco na avaliación ordinaria de xuño, terá dereito a realizar un novo exame na convocatoria extraordinaria (a finais do mes de xuño).

Nesta proba extraordinaria poderán aparecer contidos relacionados con calquera dos CA. traballados ao longo de todo o curso. Para conseguir aprobar a materia deberá obter na proba unha cualificación igual ou superior a 5 puntos

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/a non supere os obxectivos formulados nunha avaliación (non sendo a última) terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación.. Nas probas de recuperación, o exame considerase aprobado se a nota é maior ou igual a cinco.

A nota final que se terá nunha avaliación recuperada (que na recuperación obtivo unha nota mínima de 5) será un 5 ou a media aritmética entre a nota obtida cando a suspendeu e cando a recuperou se ésta é maior que 5

Ademais, antes da avaliación ordinaria, ofertarase unha última recuperación final para aquel alumnado que aínda teñan algunha avaliación parcial suspensa (sempre e cando non se teñan suspensas as 3 avaliacións). Esta proba estará composta por unha parte proporcional de actividades correspondente a cada unha das avaliacións. Servirá como exame de recuperación para aqueles alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, e como unha proba de recuperación a maiores para aquel alumnado que siga tendo pendentes a 1ª ou 2ª avaliación. Cada unha das partes da proba calificarase por separado cunha puntuación de 1-10. Tamén se poderá presentar a este exame o alumnado que estando aprobado desexe subir a súa cualificación, sabendo que en ningún caso vai diminuír a súa nota.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversas medidas de atención á diversidade que se aplicarán e atenderán as establecidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

No Bacharelato os estudantes resollen a diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta a diversidade de necesidades, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Estas decisións iniciais non serán inamovibles ao longo do curso, senón que, cando o progreso dunha alumna ou alumno na materia de matemáticas non sexa o adecuado e tan pronto

como se detecten as dificultades determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas poderán tomarse en calquera momento do curso e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias claves e dos obxectivos do bacharelato.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade

Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ó contexto do centro educativo e ás características do alumnado. Por exemplo:

- Se fose necesario para algún alumno ou alumna, previa consulta co departamento de orientación, poderíanse adaptar dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación,

- Para o alumnado con dificultades na materia, alumnado coa materia pendente que tivo promoción sen superala ou alumnado que non supere con éxito algunha das avaliacións realizarase un apoio máis individualizado e reforzos en aula.

- Ademais, para adaptarnos mellor ás diversas capacidades, intereses e motivacións do alumnado, ofertaranse actividades variadas e abundantes, con distinto nivel de dificultade (actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X					
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X					
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X		X			
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X					
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X					
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores		X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade		X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X

**Observacións:**

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, no seu artigo 19, sinala que:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Isto fai necesario que se adquiran conceptos e coñecementos que non están definidos especificamente en ningunha das áreas, pero que deben estar, na medida do posible, presentes e integrados en todas elas (elementos transversais).

No desenvolvemento dos contidos das diferentes materias asignadas ao departamento de Matemáticas deberemos abordar e traballar todo tipo de situacións e problemas relacionados coa transversalidade.

Estes temas traballaranse de xeito globalizado e durante todo o curso, pero será cando traballemos os bloques de análise e estatística e probabilidade cando podamos incorporalos dun xeito máis claro ás actividades en aula, por exemplo, a través de enunciados de exercicios de estatística que nos permitan unha vez rematado o exercicio facer unha valoración crítica do resultado.

Farase especial fincapé non seguintes elementos transversais:

- Comprensión da lectura e expresión oral e escrita a través de propostas de lectura de textos científico matemáticos relacionados co currículo e que acheguen un xeito distinto de comunicación.
- A igualdade de xénero a través do coñecemento da historia das matemáticas visibilizando as mulleres matemáticas que contribuíron e contribúen á evolución do coñecemento matemático e á súa aplicación ás ciencias sociais

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas charlas do programa "A Ponte"	Solicitarase a impartición de algunha das charlas do programa "A Ponte" que estea relacionada co campo das matemáticas	X	X	
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC		X	X

### Observacións:

Ademáis, o departamento procurará, na medida do posible, a colaboración e organización de actividades de forma conxunta con outros departamentos do Centro.

Procuraremos estar atentos a convocatorias de charlas, conferencias, etc. que poidan ir xurdindo ao longo do curso, tales como as que nos últimos anos se estan levando a cabo desde a Facultade de Matemáticas, no seu intento de darse a coñecer entre o alumnado de secundaria e bacharelato, ou as ofertadas pola USC dentro do programa "A Ponte"

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades propostas foron as idoneas para acadar as aprendizaxes
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. Deuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros
Metodoloxía empregada
- Modelización da posición e o movemento dun obxecto no espazo mediante vectores.
- Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Cálculo de áreas e volumes.
- Conxecturas xeométricas no espazo: validación por medio da dedución e da demostración.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

UD	Título da UD	Duración
7	Puntos, rectas e planos no espazo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Identifica os elementos que determinan rectas e planos. Identifica as ecuacións da recta e do plano e pasa correctamente dunha a outra. É capaz de relacionar conceptos alxébricos e xeométricos.	PE	80
CA3.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Estuda correctamente posicións relativas de obxectos xeométricos e a súa incidencia empregando modelos alxébricos e xeométricos.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para o estudo de posicións relativas das rectas no espazo.	TI	20
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formas xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Obxectos xeométricos de tres dimensións: análise das propiedades e determinación dos seus atributos. Relación coas operacións con vectores.</li> <li>- Localización e sistemas de representación.</li> <li>- Relacións de obxectos xeométricos no espazo: representación e exploración con axuda de ferramentas dixitais.</li> <li>- Expresións alxébricas dos obxectos xeométricos no espazo: identificación dos elementos característicos e das ecuacións da recta e do plano no espazo. Paso dun tipo de ecuación a outra e selección da máis adecuada en función da situación para resolver.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Estudo de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Representación mediante ferramentas dixitais.</li> <li>- Modelos matemáticos (xeométricos, alxébricos...) para resolver problemas no espazo. Conexións con outras disciplinas e áreas de interese.</li> <li>- Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Cálculo de áreas e volumes.</li> <li>- Conxecturas xeométricas no espazo: validación por medio da dedución e da demostración.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Xeometría métrica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas	Utiliza os produtos entre vectores para a resolución de problemas que impliquen medidas de lonxitude, superficie ou volume. Aplica as operacións con vectores para a resolución de problemas xeométricos.	PE	80
CA3.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Relaciona os conceptos de ángulos e distancias entre obxectos xeométricos cos vectores e as súas operacións.		
CA3.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Emprega con corrección a linguaxe matemática na resolución de problemas.. Utiliza mdelos matemáticos (xeométricos, alxébricos...) para resolver problemas no espazo establecendo conexións con outras disciplinas e áreas de interese.		
CA3.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Cálcula de áreas e volumes. Reslove problemas de proxeccións e simetrías		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/a		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles	TI	20
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Utilización dos produtos entre vectores para a resolución de problemas que impliquen medidas de lonxitude, superficie ou volume nun sistema de coordenadas cartesianas e tendo en conta o seu significado xeométrico.</li> <li>- Formas xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Aplicación das operacións con vectores para a resolución de problemas xeométricos. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Estudo de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Representación mediante ferramentas dixitais.</li> <li>- Modelos matemáticos (xeométricos, alxébricos...) para resolver problemas no espazo. Conexións con outras disciplinas e áreas de interese.</li> <li>- Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Cálculo de áreas e volumes.</li> <li>- Conxecturas xeométricas no espazo: validación por medio da dedución e da demostración.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Probabilidade	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas	Recoñece a probabilidade como medida da incerteza de fenómenos aleatorios.	PE	80
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Recoñece a probabilidade como ferramenta para o estudo e resolución de problemas da vida cotiá. Identifica sucesos elementais e compostos e as súas operacións. Coñece o teorema da probabilidade total e de Bayes.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas empregando probabilidade condicionada, probabilidade total e/ou teorema de Bayes. Emprega diagramas de árbore e/ou táboas de continxencia para a resolución de problemas de probabilidade.		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas propias ou de outros compañeiros/as		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saú	Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento...		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretación subxectiva, clásica e frecuentista.</li> <li>- Incerteza.</li> <li>- Sucesos. Operacións con sucesos. Axiomática de Kolmogorov.</li> <li>- Cálculo de probabilidade en experimentos compostos. Probabilidade condicionada e independencia entre sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia.</li> <li>- Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Distribucións de probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Identifica variables discretas e continuas. Manexa o concepto de función de densidade e de distribución en variables continuas e de distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica en variables discretas.	PE	80
CA5.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Utiliza a linguaxe matemática para a modelización de problemas estatísticos.		
CA5.3 - Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resollen problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	Resolve problemas empregando distribución binomial e/ou normal. Calcula probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal se procede.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Selecciona correctamente a ferramenta e/ou estratexia óptima na resolución de problemas estadísticos.	TI	20
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións sau	Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento...		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coerente, usando a terminoloxía apropiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Distribucións de probabilidade.</li> <li>- Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución).</li> <li>- Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.</li> <li>- Comunicación e organización.</li> <li>- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.</li> <li>- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.</li> <li>- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As pautas metodolóxicas que se seguirán, basearanse na concepción construtivista da aprendizaxe na que os alumnos aprenden na medida en que poden construír significados arredor dos contidos curriculares.

Buscaremos unha aprendizaxe significativa que implicará que o alumno atope relacións entre as aprendizaxes anteriores e os contidos que está a aprender e faga uso desa aprendizaxe diante de diferentes situacións, tanto da vida cotiá como de posteriores aprendizaxes.

Posto que non todos os alumnos teñen os mesmos coñecementos previos sobre un determinado contido é fundamental facer unha diagnose inicial.

Os novos contidos que pretendemos introducir estarán suficientemente próximos ós seus coñecementos previos e adecuados ás súas capacidades e serán organizados e expostos por parte do profesor/a de forma clara e sinxela e ampliados progresivamente. Así mesmo os erros ou ideas imprecisas que se observen trátaranse cunha dimensión positiva contrastándoos cos novos contidos.

Os alumnos teñen que percibir unha dificultade accesible e ser conscientes da funcionalidade dos coñecementos que están a aprender se queremos que se sintan motivados na súa aprendizaxe e que non caian no desinterese.

A aprendizaxe será interactiva, fomentarase a participación de todo o alumnado nas actividades propostas, a reflexión en grupo, a exposición de distintos puntos de vista e das dúbidas que xurdan, a discusión de



distintos procedementos válidos, etc. pois iso fará que os alumnos/as, baixo a supervisión do profesor, vaian construíndo e descubriendo, emitindo hipóteses, predicindo consecuencias e establecendo novas relacións.

Para afianzar o aprendido débenselle presentar actividades e estratexias que os forcen a aplicar as novas estruturas adquiridas; entre estas estarán a resolución de problemas, que se caracterizarán por representar situacións o máis próximas posible ás experiencias dos alumnos e por resultarlles accesibles, de xeito que poidan atopar sentido neles, ben porque lles sirvan para interpretar a realidade, ben porque resulten instrumentos esenciais para acceder a outros coñecementos matemáticos ou doutras materias. Así mesmo é importante a proposta de traballos en grupo que estimulen a curiosidade, a reflexión e o debate ata chegar a seleccionar a resposta máis axeitada á situación problemática.

Tras isto virá unha fase de reflexión sobre os avances realizados na aprendizaxe que atinxirá ó alumnado e ó profesor.

Para favorecer a comprensión das matemáticas deberase evitar unha excesiva abstracción, unha simple transmisión de contidos do profesor ó alumno e a realización de exercicios que supoñan soamente unha repetición de procesos ou que presenten metas inalcanzables para os alumnos.

Neste proceso debemos valorar os logros do alumno, non realizar descualificacións totais a un traballo, valorar o

esfuerzo e o interese, eloxiar a constancia na busca de solucións e a capacidade de reparar os erros...

Compre ter en conta que nos atopamos nunha etapa de Ensinanza non obrigatoria, á que acceden alumnos/as que en principio se supón pretenden seguir estudos universitarios ou ciclos profesionais superiores. Inda que xa non se trata de aplicar un criterio de ensinanza comprensiva, que parta do nivel real dos alumnos e que intenta permitir o seguimento da clase a todos os que manifesten un mínimo interese (como é o caso na E.S.O. polo seu carácter de ensinanza obrigatoria), se se procedese con absoluto rigor con respecto ós coñecementos previos do alumnado, que neste nivel hai que supoñer e, xa que logo, partir deles, serían demasiado poucos os que poderían seguir a clase. En consecuencia parece inevitable un camiño intermedio entre estes extremos. Daquela intentarase acadar un nivel de formalización matemática imprescindible, especialmente en 2º, reducindo cada tema ó mínimo esencial, pero non transformando a ensinanza nun repaso da materia de E.S. O. O enfoque será de todos xeitos preferentemente intuitivo e operativo, chegando ó formalismo lóxico, sempre que sexa posible, a partir da introdución intuitiva, en base ás dificultades xurdidas en problemas paradigmáticos que corresponden precisamente cós saltos cualitativos conceptuais.

Trátase de desenvolver no alumno/a a confianza en si mesmo e na asequibilidade da Matemática, e sobre todo, o seu carácter de factor de expresión e interpretación da

realidade. Compre coidar tamén o tecido de interrelacións temáticas tanto explicitándoo a posteriori como dándolle ó alumnado oportunidade de descubri-lo por si mesmos nos exemplos concretos. Isto reflectirase tamén na formulación de exercicios e problemas, sexan a realizar durante a clase ou nas probas de avaliación. De maneira habitual, se lles presentará aos alumnos, na aula, os contidos de cada sesión polo método que se considere máis axeitado, proporcionándolle ós alumnos apuntes, follas de exercicios, etc... de consideralo necesario. Indicaráselles ós alumnos o libro de texto (en papel ou en formato dixital) recomendado. Ademais o profesor proporcionará material adicional de reforzo ou ampliación ó alumnado de consideralo oportuno.

Empregarase a calculadora de xeito habitual. Tratarase sempre de que os alumnos e alumnas utilicen a calculadora sen que substitúa por completo ó cálculo mental, pero si que se manexe como elemento imprescindible de axuda en cálculos e resolución de problemas máis complexos, nos que o cálculo non é a parte esencial. En definitiva, preténdese que o seu uso favoreza a dedicación de máis tempo a tarefas típicas da resolución de problemas como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións, a comunicación do proceso seguido e dos resultados obtidos, etc. Buscarase tamén a formulación de problemas que salienten as interrelacións entre varios bloques, así como ámbitos de aplicación práctica dos conceptos.

Polo tanto, a metodoloxía a seguir será

- . Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.
- . Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.
- . Uso de materiais e procedementos de resolución variados.
- . Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.
- . Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.
- . Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.
- . Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

## MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen

na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se

cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

## TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

### Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

### Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos feitos polo profesor e materiais de uso libre descargados de internet
Fichas de traballo de reforzo, consolidación e ampliación
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra ou Symbolab por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Ordenadores para traballo do alumnado (na aula de informática)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é aquela que se leva a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade para rexistrar e para diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos previos dos alumnos e das alumnas respecto aos novos contidos que se van tratar e para apreciar e para valorar as diferenzas que existan dentro do grupo, atendendo así a diversidade.

Os medios que se utilizaran para levar a cabo a avaliación inicial serán:

- Probas escritas relacionadas cos contidos e os criterios de avaliación de cada unidade didáctica do curso pasado.
- Observación do traballo do alumnado durante as primeiras semanas do curso
- Tamén, para completar esta avaliación inicial, consultaremos a documentación (informes individualizados)

existente no centro sobre os alumnos/as, os informes do profesorado e os resultados das avaliacións do curso pasado. Todos estes datos serán recollidos na ficha de cada alumno/a e así o profesorado terá unha información de referencia para ver os logros e avances do alumnado ao longo do curso. Os resultados desta avaliación tamén servirán para que o profesorado concrete mellor o nivel de aprendizaxe coa que debemos comezar cada unidade didáctica e introducir as modificacións necesarias na programación para axustar a aprendizaxe ás necesidades reais do alumnado. Se fose necesario, faranse reaxustes das actividades e do material didáctico para alumnos concretos mediante reforzos individuais.

A realización desta avaliación inicial será a principios do mes de outubro, en data que concretará a CCP

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas (exames) cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. Estes criterios serán os referidos as unidades didácticas que, para cada avaliación, están recollidas no apartado 3.1 da presente programación. Os CA que se avaliarán en cada unidade didáctica son os

que aparecen reflectidos no apartado 3.3 da presente programación. As datas de realización destas probas serán

## anunciadas coa suficiente antelación

En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta ou exercicio e no seu defecto valorarase a cada unha por igual.

Despois de ditas probas e nun tempo prudente desde a súa realización, o profesor mostrará os exames e, se fose necesario, explicará ao alumnado as correccións.

As actividades de avaliación serán similares ás que se realizaron durante a aprendizaxe.

Aquel alumno/a que non acuda a unha destas probas escritas terá dereito a facela noutro momento desa avaliación sempre e cando presente ao seu titor a xustificación oportuna desa falta (de carácter xurídico, médico...). Mentres iso non ocorra non se realizará dito exame e a nota do mesmo será un cero.

En canto a corrección concreta de cada unha das preguntas, valoraranse fundamentalmente os coñecementos prácticos:

- Aínda que a resposta a unha pregunta non sexa a correcta, outorgaráselle unha valoración parcial en consideración co grao de consecución correcto acadado, se é que procede.
- Se nalgunha resposta se detecta un erro grave de base, impropio do nivel correspondente, a valoración da resposta será nula.
- No desenvolvemento das respostas, teranse en conta os seguintes aspectos:
  - A coherencia ordenada e razoada da exposición de resposta.
  - A claridade da exposición.
  - A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
  - A facilidade e precisión na realización do cálculo.
- Se no desenvolvemento dunha resposta, por un erro nos cálculos, o alumno ou alumna obtén unha solución absurda, valorarase positivamente que faga constar o absurdo de tal resultado.



- A ausencia de explicación na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación nula se só aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningún razoamento que xustifique a obtención do resultado.

- Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución de problemas con representacións gráficas, posto que se valorará a corrección e detalle das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.

- Nos exames esíxese limpeza e claridade.

Os criterios avaliados mediante probas escritas supoñen o 80% da nota de cada unidade didáctica. Polo tanto, o 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada (cando nunha proba escrita se avalie máis dinha unidade didáctica, na ponderación terase en conta o peso de cada unha delas) destas probas escritas, O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes, entre outros, ao Bloque B5, Sentido socioafectivo, que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- As saídas ao encerado
- A observación diaria na aula

(O bloque 5, de xeito transversal, traballarase en todas e cada unha das Unidades Didácticas e, en todas elas, a suma dos pesos asignados aos criterios de avaliación asociados aos mesmos, supón un máximo do 20% da nota da unidade didáctica)

Avaliación ordinaria de xuño:

A nota que aparecerá no boletín da 3ª avaliación será a nota final de Matemáticas para ese curso e obterase da media ponderada (segundo os pesos de cada unha das unidades didácticas impartidas en cada trimestre)) das notas dos tres trimestres sempre que cada un deles teña unha nota superior ou igual a 5 (ou teñan un máximo dunha avaliación suspensa cun 4) , despois de realizar as recuperacións pertinentes da 1ª e 2ª avaliación e a recuperación final, se esta fose necesaria.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado con nota inferior a cinco na avaliación ordinaria de xuño, terá dereito a realizar un novo exame na convocatoria extraordinaria (a finais do mes de xuño).

Nesta proba extraordinaria poderán aparecer contidos relacionados con calquera dos CA. traballados ao longo de todo o curso. Para conseguir aprobar a materia deberá obter na proba unha cualificación igual ou superior a 5 puntos

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/a non supere os obxectivos formulados nunha avaliación (non sendo a última) terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación.. Nas probas de recuperación, o exame considerárase aprobado se a nota é maior ou igual a cinco.

A nota final que se terá nunha avaliación recuperada (que na recuperación obtivo unha nota mínima de 5) será un 5 ou a media aritmética entre a nota obtida cando a suspendeu e cando a recuperou se ésta é maior que 5

Ademais, antes da avaliación ordinaria, ofertarase unha última recuperación final para aquel alumnado que aínda teñan algunha avaliación parcial suspensa (sempre e cando non se teñan suspensas as 3 avaliacións). Esta proba estará composta por unha parte proporcional de actividades correspondente a cada unha das avaliacións. Servirá como exame de recuperación para aqueles alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, e como unha proba de recuperación a maiores para aquel alumnado que siga tendo pendentes a 1ª ou 2ª avaliación. Cada unha das partes da proba calificarase por separado cunha puntuación de 1-10. Tamén se poderá presentar a este exame o alumnado que estando aprobado desexa subir a súa cualificación, sabendo que en ningún caso vai diminuír a súa nota.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de

aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversas medidas de atención á diversidade que se aplicarán e atenderán as establecidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

No Bacharelato os estudantes resollen a diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Ademais, para aquel alumnado que o precise, o centro oferta, entre outras, unha materia de reforzo (de unha hora á semana) de Matemáticas. Non obstante, é conveniente dar resposta a diversidade de necesidades, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Estas decisións iniciais non serán inamovibles ao longo do curso, senón que, cando o progreso dunha alumna ou alumno na materia de matemáticas non sexa o adecuado e tan pronto como se detecten as dificultades determinaranse as medidas de atención á

diversidade que procedan. Estas medidas poderán tomarse en calquera momento do curso e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias claves e dos obxectivos do bacharelato.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade

Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ó contexto do centro educativo e ás características do alumnado. Por exemplo:

- Se fose necesario para algún alumno ou alumna, previa consulta co departamento de orientación, poderíanse adaptar dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación,
- Para o alumnado con dificultades na materia, alumnado coa materia pendente que tivo promoción sen superala ou alumnado que non supere con éxito algunha das avaliacións realizarase un apoio máis individualizado e reforzos en aula.
- Ademais, para adaptarnos mellor ás diversas capacidades, intereses e motivacións do alumnado, ofertaranse actividades variadas e abundantes, con distinto nivel de dificultade (actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - O emprendemento social e empresarial	X	X						
ET.3 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X
ET.2 - O emprendemento social e empresarial	X	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X
ET.8 - A formación estética	X	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X

**Observacións:**

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, no seu artigo 19, sinala que:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarán en todas as materias.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Isto fai necesario que se adquiran conceptos e coñecementos que non están definidos especificamente en ningunha das áreas, pero que deben estar, na medida do posible, presentes e integrados en todas elas (elementos transversais).

No desenvolvemento dos contidos das diferentes materias asignadas ao departamento de Matemáticas deberemos abordar e traballar todo tipo de situacións e problemas relacionados coa transversalidade.

Estes temas traballarán de xeito globalizado e durante todo o curso, pero será cando traballemos os bloques de análise e estatística e probabilidade cando podamos incorporalos dun xeito máis claro ás actividades en aula, por exemplo, a través de enunciados de exercicios de estatística que nos permitan unha vez rematado o exercicio facer unha valoración crítica do resultado.

Farase especial fincapé non seguintes elementos transversais:

- Comprensión da lectura e expresión oral e escrita a través de propostas de lectura de textos científico matemáticos relacionados co currículo e que acheguen un xeito distinto de comunicación.
- A igualdade de xénero a través do coñecemento da historia das matemáticas visibilizando as mulleres matemáticas que contribuíron e contribúen á evolución do coñecemento matemático e á súa aplicación ás ciencias e a tecnoloxía

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC		X	X
Participación nas charlas do programa "A Ponte"	Solicitarase a impartición de algunha das charlas do programa "A Ponte" que estea relacionada co campo das matemáticas	X	X	

### Observacións:

Ademáis, o departamento procurará, na medida do posible, a colaboración e organización de actividades de forma conxunta con outros departamentos do Centro.

Procuraremos estar atentos a convocatorias de charlas, conferencias, etc. que poidan ir xurdindo ao longo do curso, tales como as que nos últimos anos se estan levando a cabo desde a Facultade de Matemáticas, no seu intento de darse a coñecer entre o alumnado de secundaria e bacharelato, ou as ofertadas pola USC dentro do programa "A Ponte"

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades propostas foron as idoneas para acadar as aprendizaxes
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. Deuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros
Metodoloxía empregada
Como norma xeral, fixéronse explicacións xerais para todo o alumnado.
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva.
Usáronse de xeito eficaz os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar

Medidas de atención á diversidade
Ofrecéronse a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisaba
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose un contacto regular coa familia por parte do profesorado para informar sobre o proceso de ensino-aprendizaxe ...
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
Outros
Entregáronse ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Analizáronse e comentáronse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc
Deuse un peso real á observación do traballo na aula.
Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado.

#### Descrición:

Considerando a avaliación como un instrumento máis no proceso de ensino/aprendizaxe, debemos avaliar non so o alumnado senón tamén a nosa propia función docente. Debese converter nun verdadeiro exercicio de observación/reflexión para descubrir se o que pretendíamos se corresponde realmente co que ao final conseguimos e, no caso de non ser así, debería ser un instrumento válido para a análise e modificacións dalgúns compoñentes deste proceso.

A avaliación da practica docente farase nas reunións de Departamento que teñen lugar ó final de cada trimestre, despois da correspondente avaliación.

Esta avaliación debe ter un carácter continuo, de xeito que nos permita ir axustando o proceso de ensino/aprendizaxe a medida que se vaian conseguindo os obxectivos ou non.

Ó remate do curso, farase una análise global e proporanse os cambios que se consideren oportunos para introducir melloras no vindeiro curso académico.

Para levar a cabo esta avaliación estableceranse os "indicadores de logro" descritos na seguinte taboa. Estes indicadores de logro valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

#### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas vertentes. Por iso, á parte da análise do proceso de aprendizaxe do alumnado, do análise global do proceso de ensinanza e da práctica docente,

debemos analizar a propia programación didáctica. Esta análise debe contemplarse desde unha perspectiva de continuidade na interacción diaria dos membros do departamento, e poden irse recollendo as diversas propostas de melloras nas reunións do Departamento das que levantárase a correspondente acta.

Os mecanismos para facer una valoración da programación serán os detallados a continuación:

- Avaliación inicial da programación: Utilizaranse as seguintes ferramentas:

- Revisión dos informes de avaliación final e da información psicopedagóxica

- Deseño de probas específicas para detectar os coñecementos previos e o alumnado que precisará reforzo educativo.

- Información extraída do alumnado procedente das xornadas de pre-avaliación.

Coa información recollida reaxustaranse os contidos e a presentación dos mesmos, constando na libro de actas do departamento.

- Avaliación procesual da programación: nas reunións periódicas do departamento, comprobarase o avance da programación e o



procederáse ó axuste da mesma ó avance dos diferentes grupos-clase. Prestaráselle especial atención ó alumnado con que presente algún tipo de dificultade. Ademais, logo das xornadas de avaliación, introduciranse os seguintes puntos na orde do día:

- . Análise dos resultados
- . Reaxuste da programación didáctica acorde dos resultados acadados.
- . Avaliación final da programación: Levarase a cabo ó rematar o curso, nunha reunión de departamento, mediante as seguintes ferramentas:
  - . Resumo dos reaxustes na programación que constan no libro de actas.
  - . Memoria do departamento, na que se reflectiran, entre outros datos:
    - . Análise do grao de cumprimento.
    - . Análise dos resultados académicos e comparativa con cursos anteriores.
    - . Propostas de modificacións na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo

os indicadores seguintes:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
5. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.
10. Adecuación da metodoloxía empregada.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial.
13. Adecuación dos criterios e das pautas xerais

establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.

14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.

15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.

16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.

17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación das materias pendentes.

18. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. .

19. Adecuación das medidas de atención á diversidade.

20. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

21. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

22. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

23. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Psicoloxía	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A materia supón unha introdución á Psicoloxía, dende os seus inicios filosóficos no ámbito da Filosofía grega, como doutrina psicolóxica acerca da alma (psiqué) en Platón e Aristóteles e na Filosofía moderna co seu estudo dos contidos do pensamento en Descartes, ate o seu establecemento como ciencia positiva, da man do conductismo e o neoconductismo, abordando tamén outros desenvollos, como a metapsicoloxía ligada á psicoanálise freudiana. Esta perspectiva cronolóxica permite tamén unha abordaxe temática transversal de contidos diversos como: a historia da disciplina e as bases do método científico experimental, un achegamento á neuropsicoloxía e a psicoloxía social, o debate sobre as bases xenéticas e ambientais da conducta humana, a xénese conceptual da idea de mente desligada xa a noción metafísica de alma, o estudo da agresividade e a vida sexual humana, os diferentes procesos ou facultades da mente humana, dende os máis sinxelos (sensación, percepción, memoria) ata os máis complexos (intelixencia, aprendizaxe, etc).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender e valorar a especificidade da psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos.	1-2		1		11-31	1		
OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis desa determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da devandita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formarse unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século.	1-2-3-5		1-2-4	1-2-3	40	1-3	2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia para nosa adaptación ao medio e para a supervivencia dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os devanditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser capaz de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais.	1-2-3	3	1-2-4	1	20	1		31-41
OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores, analizando que é a psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao entorno.	1-2	1	1-2-4	1	40-50	1		
OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír ao ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais.	1-5	1	2-4	1	11-12-20-31	2-3		
OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais.	5		1-2-4	1	20-31-32	2-4	3	

**Descrición:**



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A psicoloxía como ciencia	Historia do saber sobre o psiquismo ata a psicoloxía científica	15	25	X		
2	Fundamentos biolóxicos da psicoloxía	Introdución aos elementos biolóxicos da conducta humana: a neuro bio psicoloxía	15	17	X	X	
3	Fundamentos sociais da conduta humana	Introdución aos fundamentos sociais da conducta humana: a psicoloxía social.	15	20	X	X	
4	Procesos cognitivos básicos	Estudo da sensación, percepción, memoria e atención	15	15		X	
5	Procesos cognitivos superiores I	Estudo da intelixencia, afectividade e persoalidade	15	12			X
6	Procesos cognitivos superiores II	Estudo da motivación, persoalidade e afectividade	15	12			X
7	Psicopatoloxía	Introdución á etioloxía da conducta humana: ninguén é "normal".	10	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A psicoloxía como ciencia	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, entre outras.	Identificar de xeito oral ou escrito a dimensión teórica e aplicada da psicoloxía	PE	60
CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	Facer unha síntese das principais achegas da psicoloxía partindo de textos de contido psicolóxico		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.	Elaborar unha presentación ou traballo escrito sobre a evolución histórica da psicoloxía.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O saber psicolóxico.</li> <li>- Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes.</li> <li>- Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e áreas de aplicación.</li> <li>- Obxectivos que caracterizan a psicoloxía.</li> <li>- O desenvolvemento histórico da psicoloxía.</li> <li>- A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.</li> <li>- A constitución da psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX.</li> <li>- As distintas teorías psicolóxicas.</li> <li>- Os métodos de investigación en psicoloxía.</li> <li>- O método científico.</li> <li>- A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas.</li> <li>- A investigación correlacional. Correlación e causalidade.</li> <li>- O método experimental: variables, grupos e mostras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Fundamentos biolóxicos da psicoloxía	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
		PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano	É capaz de respostar oralmente á cuestión: natureza ou cultura, que nos fai ser o que somos?		
CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula.	Expón de xeito escrito a diferenza entre condutas prosociais e antisociais e pon exemplos		
CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá.	Define de xeito escrito os estereotipos de xénero, conflitos e polarización		
CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da que está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células gliais.	Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema neural		
CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recopilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso, e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas TIC, distintos esquemas e traballos de investigación nos que se distingan as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos.	Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema nervioso central	TI	40
CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.	Distingue e recoñece as diferentes técnicas de investigación cerebral		
CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interfaz necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais.	Especifica por escrito como regula as actividades vitais do organismo o sistema nervioso central		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar ao corpo para todo tipo de reaccións comportamentais.	Exposición interactiva na que se explicita a función dos neurotransmisores e do sistema endócrino.		
CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais.	Describe de xeito oral como inflúen os procesos psicosociais na nosa autoimaxe e na dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A neurona.</li> <li>- A estrutura da neurona.</li> <li>- O impulso neuroeléctrico e a sinapse.</li> <li>- As células glias.</li> <li>- O sistema nervioso.</li> <li>- Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes.</li> <li>- As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo.</li> <li>- O sistema nervioso periférico.</li> <li>- A química da mente.</li> <li>- Os distintos neurotransmisores.</li> <li>- O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta.</li> <li>- Xenética e conduta.</li> <li>- O xenoma humano.</li> <li>- O estudo da influencia da xenética na conduta.</li> <li>- Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais.</li> <li>- Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética.</li> <li>- Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos.</li> <li>- As diferenzas psicolóxicas transculturais.</li> <li>- O papel das hormonas.</li> </ul>

## Contidos

- O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica.
- As teses da psicoloxía evolucionista.
- As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero.
- A cognición social.
- O eu social: autoconcepto e identidade.
- Percepción e atribución social.
- Influencia social.
- Conformidade e obediencia. Influencia do líder.
- Impacto emocional das redes sociais.
- Actitudes e cambio de actitudes.
- Procesos de persuasión.
- Comportamento interpersonal.
- A atracción interpersonal.
- Comportamentos prosociais e antisociais.
- Relacións intergrupais.
- Estereotipos e prexuízos. Estereotipos de xénero.
- Conflito, cohesión e cooperación.
- Psicoloxía dos grupos: a polarización grupal.

UD	Título da UD	Duración
3	Fundamentos sociais da conduta humana	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá.	Define de xeito escrito os estereotipos de xénero, conflitos e polarización	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Define e expón que é a personalidade de xeito completo	TI	40
CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais.	Describe de xeito oral como inflúen os procesos psicosociais na nosa autoimaxe e na dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A personalidade.</li> <li>- Teorías sobre a personalidade.</li> <li>- Fases da personalidade.</li> <li>- Métodos de avaliación da personalidade.</li> <li>- A cognición social.</li> <li>- O eu social: autoconcepto e identidade.</li> <li>- Percepción e atribución social.</li> <li>- Actitudes e cambio de actitudes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Procesos cognitivos básicos	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3 3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados á mesma, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal.	Define e relaciona os conceptos de atención, percepción e nomea os trastornos asociados a esta.	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas.	Analiza de xeito oral o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos		
CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano.	Define e relaciona os conceptos de sensación e percepción	TI	40
CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística.	Explica de xeito escrito a influencia da percepción na creatividade á hora de comprender a realidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sensación e percepción. Definición e relación.</li> <li>- Organización da percepción e constancias perceptivas.</li> <li>- A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt.</li> <li>- A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar.</li> <li>- Percepción e atención.</li> <li>- Tipos de atención.</li> <li>- Trastornos da atención.</li> <li>- A memoria. Memoria e atención.</li> <li>- Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil.</li> <li>- Breve aproximación ás teorías sobre a memoria.</li> <li>- A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación.</li> <li>- Tipos de memoria.</li> <li>- Memoria a curto prazo ,memoria operativa e memoria a longo prazo.</li> <li>- Memoria episódica, semántica e procedemental.</li> <li>- O esquecemento: factores que interveñen.</li> <li>- Métodos para mellorar o recordo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Procesos cognitivos superiores I	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes.	Fai unha disertación acerca da natureza da aprendizaxe e como levala a cabo.	PE	60
CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos.	Realiza unha exposición sobre o pensamento e os seus tipos		
CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas.	Cita e exemplifica os procesos cognitivos superiores	TI	40
CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes.	Realiza unha exposición interactiva sobre a intelixencia e os diferentes modelos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición de procesos cognitivos superiores.</li> <li>- As habilidades cognitivas.</li> <li>- A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe.</li> <li>- O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo.</li> <li>- Tipos de aprendizaxe.</li> <li>- A intelixencia.</li> <li>- Modelos de intelixencia.</li> <li>- Fases do desenvolvemento da intelixencia.</li> <li>- A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual.</li> <li>- O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Procesos cognitivos superiores II	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais	PE	60
CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade.	Expón os diferentes tipos de afectos e a súa relación cos trastornos emocionais		
CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.	Investiga os estudos sobre a orixe motivación e a súa relación coa frustración.	TI	40
CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións		
CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.	Investiga exemplos e exponos oralmente como inflúen as relacións afectivas na maduración persoal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A motivación.</li> <li>- Teorías sobre a motivación.</li> <li>- Motivación e logros no ámbito educativo e profesional.</li> <li>- A frustración e as súas causas.</li> <li>- A personalidade.</li> <li>- Teorías sobre a personalidade.</li> <li>- Fases da personalidade.</li> <li>- Métodos de avaliación da personalidade.</li> <li>- Consciencia e inconsciencia.</li> <li>- Identidade e autoestima.</li> <li>- Alteracións da consciencia e da personalidade.</li> <li>- Psicopatoloxía e trastornos da personalidade.</li> <li>- A afectividade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Teorías sobre a afectividade.</li> <li>- As emocións e os trastornos.</li> <li>- Afectividade e sexualidade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Psicopatoloxía	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano	Expón oralmente e debate sobre a influencia da xenética ou a cultura nas conduta humana.	PE	60
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais		
CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas.	Analiza de xeito oral o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos	TI	40
CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xenética e conduta.</li> <li>- Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais.</li> <li>- Percepción e atención.</li> </ul>

## Contidos

- Trastornos da atención.
- A personalidade.
- Métodos de avaliación da personalidade.
- Alteracións da conciencia e da personalidade.
- Psicopatoloxía e trastornos da personalidade.
- A afectividade.
- As emocións e os trastornos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia, polo seu carácter integrador no que se mesturan aspectos científicos con outros humanísticos e sociais, plantéxase como o camiño máis axeitado para estudar o ser humano e as súas manifestacións de xeito holístico. Non debe considerarse o estudo da Psicología no Bacharelato como un simple achegamento a posturas teóricas máis ou menos interesantes sobre a psique humana ( e non humana) senon tamén como un medio polo cal o alumnado acceda ao seu propio coñecemento persoal, e a partir de aí, ao propio desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes.

Por todo isto, o traballo na aula estará dirixido a conseguir que o alumnado desenvolva a súa capacidade de aprender a aprender, isto é, seleccionar contidos, analízalos, relacionalos e intégralos criticamente. Trátase de que o alumnado poida construír individual ou colectivamente o seu coñecemento máis alá da simple memorización automática de contidos. Aínda que saber é tamén reter na memoria esta retención debe ser comprensiva, adquirida de xeito significativo mediante a interacción cos demais e en profundidade.

Por outra banda, o manexo da información teórica non é suficiente para a consecución dos obxectivos da materia, faise preciso o coñecemento e utilización dalgunha técnica propia da Psicología como ciencia, para que o alumnado poida facer prácticas e realizar experiencias que lle axuden a afianzar o aprendido.

O alumnado debe ser capaz de empregar diferentes fontes de información, dende a propia experiencia, pasando polos coñecementos que lle aportan outras disciplinas, así como os medios de comunicación, webs, libros, manuais, textos e documentos, polo que a metodoloxía activa e participativa faise imprescindible para conseguir este obxectivo.

O profesorado facilitará que o alumnado acceda a resolver problemas científicos, aprendendo a identificar as súas variables principais e a súa solución coherentes cos mesmos.

Ao inicio de cada unidade didáctica exponense os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

As actividades estarán sempre deseñadas e axustadas ás características do alumnado.

No caso de ter que realizar educación non presencial, empregárase a aula virtual àa foros, videoconferencias, entrega de tarefas e mensaxería.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Biblioteca
Apuntamentos dixitais ou en papel

Videos e titoriais de apoio para a realización de traballos e tarefas

Bibliografía e webgrafía

Libro de texto, se procede.

Contarase coa biblioteca do centro como un espazo dixital de traballo que permite organizar a información recompilada, así como as diferentes tarefas e exposicións interactivas do alumnado. Ao mesmo tempo permite ter enlaces directos das unidades didácticas e acceder ao repositorio de apuntamentos, enlaces e recursos dixitais de axuda para o desenvolvemento da materia, por iso o acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvementos dos contidos.

Terase en conta para o desenvolvemento da materia as actividades, plans, proxectos e programas nos que o centro participa, vinclados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba oral e escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

A proba oral e escrita axudaranos a determinar o grao de coñecemento dos contidos iniciais da materia: que é a psicoloxía? así como tamén para valorar a expresión oral e escrita do alumnado á hora de intervir na aula e facer exposicións orais, relevantes para os traballos que require a materia.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>

#### Criterios de cualificación:

Os instrumentos e criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita, mapas conceptuais, cuestionarios filosóficos, textos con preguntas, etc.). Estas

probas escritas teñen a súa rúbrica correspondente na AULA VIRTUAL en función do tipo específico de proba.

2. Os traballos de clase ou de casa, ou tarefas na Aula Virtual.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, conceptualmente rigurosa e respectuosa das ideas. O profesor levará o rexistro escrito trimestral dos puntos outorgados neste apartado.

4. As actividades para subir nota (de diverso tipo propostas polo profesor) servirán para incrementar a cualificaciónen calquera dos tres apartados anteriores.

Na Aula Virtual da materia de PSICOLOXÍA, o alumnado ten ao seu dispor as diversas rúbricas e a plantilla de cualificación e avaliación. O enlace á a Aula Virtual virtual é o seguinte:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesasfontinas/aulavirtual/course/view.php?id=286>

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética ponderada das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota da avaliación final ordinaria e extraordinaria se lle aplicarán a seguinte regra de redondeo:

Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado

obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

**Criterios de recuperación:**

O procedemento de recuperación será por trimestre a través de probas escritas que sumarán un total de 10 puntos.

A partir da avaliación final ordinaria darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado coa materia sen superar e preparación da proba extraordinaria.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter aprobada a materia na convocatoria final ordinaria.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita sobre 10 puntos, deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

**6. Medidas de atención á diversidade**

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos

Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

**EXTRAORDINARIAS.** Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado tutor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

A comprensión dun mesmo e dos outros, propias das ferramentas que a materia de psicología contrúe, serán clave na contribución na consecución dos elementos transversais do curriculum.

O traballo principalmente por proxectos e en grupos, favorecera a educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...).

O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano.</li> <li>- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura</li> <li>- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.</li> <li>- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.</li> <li>- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.</li> <li>- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.</li> <li>- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.</li> <li>- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Son un fenómeno.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Coñece a natureza relixiosa e social do ser humano e a súa dignidade. Mostra actitudes cívicas e de cooperación na construción social da democracia. Recoñece a dimensión social da dignidade e os dereitos humanos. Valora a vida social coas súas necesidades económicas e políticas.	PE	40
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Coñece a experiencia relixiosa cristiá polos relatos bíblicos Coñece as diversas relixións e os seus personaxes destacados. Comprende o diálogo do cristianismo coa filosofía e a ciencia Diferencia as oportunidades da experiencia relixiosa como proposta de plenitude		
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoo a diferentes situacións sociais.	Distingue e contrasta os principios da mensaxe social cristián Valora a xestión da liberdade persoal e as relacións coas pertenzas nas que estamos integrados. Analiza as propostas morais do pensamento cristián Participa na resolución pacífica e positiva de conflitos	TI	60
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Comprende as formas nas que as ideas e crenzas se expresan nas distintas culturas. Comprende as manifestacións artísticas. Valora como se xeran identidades culturais e sentidos de pertenza social e política a través da expresión das ideas e crenzas. Aprecia as civilizacións e o patrimonio cultural.		
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoo como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Recoñece a dimensión espiritual como fonte de sentido Recoñece a experiencia relixiosa como unha das capacidades propias da natureza humana. Coñece a propia tradición relixiosa e as tradicións e relixións da historia. Valora as oportunidades do relixioso como proposta de plenitude.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.

### Contidos

- A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano.
- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións.
- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.
- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.
- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.

UD	Título da UD	Duración
3	Son libre.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Recoñece os elementos dun proxecto persoal. Realiza un proxecto vital para unha cidadanía democrática, con liberdade e responsabilidade. Coñece as propostas da antropoloxía cristiá e o seu ensino social para un proxecto de vida persoal. Participa na construción dunha sociedade xusta e equitativa.		
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Coñece a experiencia relixiosa cristiá polos relatos bíblicos. Coñece as diversas relixións e os seus personaxes destacados. Comprende o diálogo do cristianismo coa filosofía e a ciencia. Diferencia as oportunidades da experiencia relixiosa como proposta de plenitude	PE	60



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Comprende os contidos esenciais da mensaxe cristiá. Promove o diálogo intercultural e interrelixioso. Busca solucións para a transición ecolóxica, dixital e a transformación social. Coñece a proposta do Evanxeo para a construción da casa común e o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión.		
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica os elementos crave do proxecto vital. Contrasta as ideas e crenzas coas categorías fundamentais da antropoloxía cristiá. Valora a riqueza e diversidade da vida humana. Identifica as propias ideas e crenzas en diálogo con outras cosmovisións en contextos de pluralidade	TI	40
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Recoñece a dimensión espiritual como fonte de sentido. Recoñece a experiencia relixiosa como unha das capacidades propias da natureza humana. Coñece a propia tradición relixiosa e as tradicións e relixións da historia. Valora as oportunidades do relixioso como proposta de plenitude.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.</li> <li>- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións.</li> <li>- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Os meus afectos.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Recoñece os elementos dun proxecto persoal. Realiza un proxecto vital para unha cidadanía democrática, con liberdade e responsabilidade. Coñece as propostas da antropoloxía cristiá e o seu ensino social para un proxecto de vida persoal. Participa na construción dunha sociedade xusta e equitativa.	PE	50
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Recoñece a dimensión espiritual como fonte de sentido Recoñece a experiencia relixiosa como unha das capacidades propias da natureza humana. Coñece a propia tradición relixiosa e as tradicións e relixións da historia. Valora as oportunidades do relixioso como proposta de plenitude.		
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica os elementos crave do proxecto vital. Contrasta as ideas e crenzas coas categorías fundamentais da antropoloxía cristiá. Valora a riqueza e diversidade da vida humana. Identifica as propias ideas e crenzas en diálogo con outras cosmovisións en contextos de pluralidade	TI	50
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Coñece a experiencia relixiosa cristiá polos relatos bíblicos Coñece as diversas relixións e os seus personaxes destacados. Comprende o diálogo do cristianismo coa filosofía e a ciencia. Diferencia as oportunidades da experiencia relixiosa como proposta de plenitude.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional.</li> </ul>

### Contidos

- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.
- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións.
- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvolto en clave vocacional.
- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.

UD	Título da UD	Duración
5	Os meus proxectos.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Recoñece os elementos dun proxecto persoal. Realiza un proxecto vital para unha cidadanía democrática, con liberdade e responsabilidade. Coñece as propostas da antropoloxía cristiá e o seu ensino social para un proxecto de vida persoal. Participa na construción dunha sociedade xusta e equitativa.		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Asume os valores da cidadanía democrática e da ecoloxía integral. Desenvolve un compromiso persoal e social de denuncia pobreza e inxustiza. Elabora propostas sociopolíticas para incluír na casa común aos máis desfavorecidos. Contempla a experiencia relixiosa como motivación dos proxectos vitais.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Realiza un achegamento ás crenzas e valores propios da fe cristiá. Establece un diálogo entre a fe e a razón, as ciencias e as culturas. Promove o diálogo intercultural e interrelixioso para a superación de fundamentalismos Reflexiona sobre a vida plena en contextos plurais.		
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica os elementos crave do proxecto vital. Contrasta as ideas e crenzas coas categorías fundamentais da antropoloxía cristiá. Valora a riqueza e diversidade da vida humana. Identifica as propias ideas e crenzas en diálogo con outras cosmovisións en contextos de pluralidade	TI	40
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Coñece o legado cultural. Analiza as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos. Comprende o patrimonio a través do diálogo entre a fe cristiá e a cultura, a historia, a arte e a literatura. Participa no diálogo intercultural con iniciativa persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.</li> <li>- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións.</li> <li>- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional.</li> <li>- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.</li> <li>- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A paz.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Coñece a natureza relixiosa e social do ser humano e a súa dignidade. Mostra actitudes cívicas e de cooperación na construción social da democracia. Recoñece a dimensión social da dignidade e os dereitos humanos.	PE	50
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Describe os retos políticos e económicos. Comprende a superación da inxustiza e a violencia. Identifica a proposta do Evanxeo para a construción da casa común, a cultura do encontro, o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión de todos. Analiza os desafíos democráticos e socioeconómicos.		
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Recoñece os elementos dun proxecto persoal. Realiza un proxecto vital para unha cidadanía democrática, con liberdade e responsabilidade. Coñece as propostas da antropoloxía cristiá e o seu ensino social para un proxecto de vida persoal. Participa na construción dunha sociedade xusta e equitativa.	TI	50
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Coñece a experiencia relixiosa cristiá polos relatos bíblicos. Coñece as diversas relixións e os seus personaxes destacados. Comprende o diálogo do cristianismo coa filosofía e a ciencia. Diferencia as oportunidades da experiencia relixiosa como proposta de plenitude.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal.</li> <li>- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.</li> <li>- A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.</li> <li>- Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.</li> <li>- Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa ( DSI).</li> <li>- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.</li> <li>- Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	ODS,	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoos a diferentes situacións sociais.	Distingue e contrasta os principios da mensaxe social cristián. Valora a xestión da liberdade persoal e as relacións coas pertenzas nas que estamos integrados. Analiza as propostas morais do pensamento cristián. Participa na resolución pacífica e positiva de conflitos.		
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Comprende os contidos esenciais da mensaxe cristiá. Promove o diálogo intercultural e interrelixioso. Busca solucións para a transición ecolóxica, dixital e a transformación social. Coñece a proposta do Evanxeo para a construción da casa común e o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión.	PE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Realiza un achegamento ás crenzas e valores propios da fe cristiá. Establece un diálogo entre a fe e a razón, as ciencias e as culturas. Promove o diálogo intercultural e interrelixio para a superación de fundamentalismos. Reflexiona sobre a vida plena en contextos plurais.		
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Recoñece os elementos dun proxecto persoal. Realiza un proxecto vital para unha cidadanía democrática, con liberdade e responsabilidade. Coñece as propostas da antropoloxía cristiá e o seu ensino social para un proxecto de vida persoal. Participa na construción dunha sociedade xusta e equitativa.		
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Coñece a natureza relixiosa e social do ser humano e a súa dignidade. Mostra actitudes cívicas e de cooperación na construción social da democracia. Recoñece a dimensión social da dignidade e os dereitos humanos.		
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Describe os retos políticos e económicos. Comprende a superación da inxustiza e a violencia. Identifica a proposta do Evanxeo para a construción da casa común, a cultura do encontro, o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión de todos. Analiza os desafíos democráticos e socioeconómicos.	TI	55
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Asume os valores da cidadanía democrática e da ecoloxía integral. Desenvolve un compromiso persoal e social de denuncia pobreza e inxustiza. Elabora propostas sociopolíticas para incluír na casa común aos máis desfavorecidos. Contempla a experiencia relixiosa como motivación dos proxectos vitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal.</li> </ul>

## Contidos

- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.
- A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa.
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria.
- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.
- Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina.
- Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade.
- Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa ( DSI).
- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.
- As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.
- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible ( ODS).
- Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias crave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese do alumnado, lle permita construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución leve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma



cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todo o alumnado para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumnado, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas de cara ás avaliación programadas, harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de apoio existente na Biblioteca e da propia docente
Fichas, esquemas, documentos de apoio, películas, recursos dixitais e audiovisuais diversos, ...
Aula dotada de canón, ordenador e encerado dixital
Ordenadores (sá de informática), materiais dixitais e audiovisuais diversos

Usaremos o material que hai na Biblioteca relacionado coa nosa materia: Documentos DSI, relacionados con outras relixións, en torno ás manifestacións sociorelixiosas da contorna.

Non temos Libro de texto. Aportaremos ao alumnado guións, fichas.....con indicadores de traballo

Có material visual dixital preténdese dar un millor entendemento e adquisición dos contidos da materia así como reforzar a aprendizaxe.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Elaboración dun test de preguntas e resposta sinxelas, sobre os temas que imos desenvolver ao longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, descubra os acertos e os erros que ten e o docente descubra os coñecementos previos e as competencias que ten o alumnado con respecto ao currículo que se pretende desenvolver neste curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	40	60	50	60	50	45	<b>51</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	60	40	50	40	50	55	<b>49</b>

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación faránse un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados cos diferentes criterios de avaliación. A cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados en cada unidade didáctica no apartado 3.3 de esta programación.

### Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliacións non acadase a nota de 5 despois do redondeo, programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado suspenso supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que, á súa vez, fará media para a nota da avaliación ordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que

abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos. Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos. En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, elaborárase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior. Debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Mans Unidas...
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+, entre outros.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal	Participarase nas actividades organizadas polo centro	X		
Visita á Catedral de Santiago de Compostela	Tellados, Museo, Pórtico da Gloria, ....			X

**Observacións:**

Día da paz, Día dos Dereitos Humanos, ...

Participarase en todol as actividades organizadas polo centro

Haberá actividades que xurdan ao longo do curso académico como exposicións temporais, etc

Colaboracións con outros departamentos na organización de actividades conxuntas aínda sen especificar.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Metodoloxía empregada
Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos
Medidas de atención á diversidade
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado

**Descrición:**

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado de este seguimento permitiranos confirmas ou modificar a programación no vindeiro curso.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguimento permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxía e Enxeñaría II	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

## 1. Introducción

Na sociedade actual, o desenvolvemento da tecnoloxía por parte das enxeñerías converteuse nun dos eixes arredor dos cales se articula a evolución sociocultural. Nos últimos tempos, a tecnoloxía, entendida como o conxunto de coñecementos e técnicas que pretenden dar solución ás necesidades do ser humano, foi incrementando a súa relevancia nos diferentes ámbitos da sociedade, desde a xeración de bens básicos ata as comunicacións, dando lugar ao benestar e ás estruturas económicas e sociais do mundo actual. Para iso, a cidadanía necesita dispoñer dun conxunto de saberes científicos e técnicos que sirvan de base para adoptar actitudes críticas e construtivas ante determinadas cuestións, ao tempo que lle permitan actuar de modo responsable, creativo, eficaz e comprometido na solución ás necesidades que lle poidan xurdir.

Neste sentido, a materia de Tecnoloxía e Enxeñería pretende reunir os saberes científicos e técnicos que, a partir dun enfoque competencial, contribúan á consecución dos obxectivos da etapa de bacharelato e á adquisición das correspondentes competencias clave. As competencias específicas oriéntanse a que o alumnado, mediante proxectos de deseño e investigación, fabrique, automatice e mellore produtos e sistemas de calidade que dean resposta a problemas dados, transferindo saberes doutras disciplinas cun enfoque ético e sostible. Todo isto faise achegando o alumnado, desde un enfoque inclusivo e non sexista, ao ámbito formativo e laboral propio da actividade tecnolóxica e da enxeñería.

O fío condutor da materia vai ser a resolución de problemas interdisciplinarios ligados a situacións reais a través de solucións tecnolóxicas, o que lle facilitará ao alumnado o coñecemento panorámico da contorna produtiva a partir da realidade que supón a creación dun produto. Este coñecemento abre un amplo campo de posibilidades ao facilitar a comprensión do proceso de deseño e desenvolvemento desde un punto de vista industrial, así como a aplicación das novas filosofías maker ou DiY de prototipado a medida ou baixo demanda.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Coordinar e desenvolver proxectos de investigación cunha actitude crítica e emprendedora, a través de estratexias e técnicas eficientes de resolución de problemas e comunicando os resultados de xeito adecuado, para crear e mellorar produtos e sistemas de modo continuo.	1		3-4	1-3-5	11		3	
OBX2 - Seleccionar materiais e elaborar estudos de impacto aplicando criterios técnicos e de sostibilidade para fabricar produtos de calidade que dean resposta a problemas e a tarefas propostos desde un enfoque responsable e ético.			2-5	1-2	11-40	4	1	
OBX3 - Utilizar as ferramentas dixitais adecuadas analizando as súas posibilidades, configurándoas segundo as súas necesidades e aplicando coñecementos interdisciplinares para resolver tarefas e para realizar a presentación dos resultados dun xeito óptimo.	3	1	1-4	1-2-3-5	50		3	
OBX4 - Xerar coñecementos e mellorar destrezas técnicas transferindo e aplicando saberes doutras disciplinas científicas con actitude creativa para calcular e resolver problemas ou dar resposta a necesidades dos distintos ámbitos da enxeñería			1-2-3-4	2-5	50		3	



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Diseñar, crear e avaliar sistemas tecnolóxicos aplicando coñecementos de programación informática, regulación automática e control, así como as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías emerxentes, para estudar, controlar e automatizar tarefas.			1-2-3	2-3-5	11		3	
OBX6 - Analizar e comprender sistemas tecnolóxicos dos distintos ámbitos da enxeñería estudando as súas características, o consumo e a eficiencia enerxética para avaliar o uso responsable e sostible que se fai da tecnoloxía.			2-5	1-2-4	20	4	1	

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Materiais e fabricación	Propiedades e nsaios de materiais	12	14	X		
2	Estruturas	Cargas e estabilidade en estruturas.	18	20	X		
3	Máquinas térmicas	Máquinas frigoríficas, bombas de calor e motores térmicos	16	18	X	X	
4	Pneumática e hidráulica	Sistemas pneumáticos e hidráulicos	16	18		X	
5	Corrente alterna	Circuitos de corrente alterna	16	18		X	X
6	Electrónica dixital	Circuitos combinacionais e secuenciais e problemas lóxicos.	16	18			X
7	Automatización e control	Sistemas automáticos	5	8			X
8	Proxectos de investigación e desenvolvemento	Desenvolvemento de proxectos	1	2			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Materiais e fabricación	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Analizar os distintos sistemas de enxeñería desde o punto de vista da responsabilidade social e da sostibilidade estudando as características de eficiencia enerxética asociadas aos materiais e aos procesos de fabricación.	Analizar a sostibilidade dos diferentes materiais	PE	90
CA2.1 - Analizar a idoneidade dos materiais técnicos na fabricación de produtos sostibles e de calidade considerando as súas propiedades básicas e a súa estrutura interna.	Coñecer as propiedades dos materiais		
CA2.2 - Analizar diferentes métodos de ensaio das propiedades mecánicas dos materiais comprendendo a utilizade de cada un deles.	Cálculos básicos das propiedades mecánicas		
Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.	X		

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indícanse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

### Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	IES As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Xeografía	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

O IES As Fontiñas ten en Bacharelato 88 alumn@s, distribuídos nos seguintes grupos: dous en 1º de Bacharelato , e dous en 2º de Bacharelato. As modalidades de Bacharelato que oferta o centro son: Humanidades, Ciencias, Ciencias Sociais e Xeral (en 1º)

O departamento de Xeografía e Historia é unipersoal. A profesora, e asimesmo Xefa de departamento. é Ana María Santos Vaamonde, quen asume toda a carga horaria.

O alumnado procede sobre todo dos concellos de O Pino e Touro, pero tamén doutros centros de Santiago.

A materia de Xeografía conta este curso con 24 alumn@s matriculad@s

A xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo no que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, servindo tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

O espazo xeográfico é o obxecto de estudo da xeografía, cuxa finalidade é a comprensión e explicación holística dos procesos naturais e humanos que van modelando ese territorio ao longo do tempo. Como seres con conciencia espazo-temporal, as persoas precisan desa interpretación da realidade que as rodea, máis alá da percepción persoal e colectiva do territorio e do momento e estrutura social nos que se desenvolven as experiencias vitais. Nesta materia de bacharelato, a escala de análise xeográfica céntrase en España, con especial atención ao territorio galego, aínda que dentro dunha perspectiva europea e global, necesaria para coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo.

A comprensión desas realidades próximas e globais é esencial para a construción da personalidade e identidade do alumnado, así como para comprender e respectar as identidades alleas. Ademais, debe constituír a base para exercer unha cidadanía crítica, desde os valores democráticos, o respecto polos dereitos fundamentais e o exercicio da responsabilidade cívica á hora de construír unha sociedade xusta e equitativa en sintonía cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A xeografía, pola súa natureza práctica, permítelle ao alumnado desenvolverse no uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación grazas ás funcionalidades das tecnoloxías da información xeográfica (TIX). As TIX, ademais de constituír un recurso básico para desenvolver investigacións individuais e en equipo, permiten formular o tratamento interdisciplinario do territorio e, como ferramenta de diagnóstico, presentar e comunicar eficientemente conclusións e propostas de mellora da contorna social do alumnado desde a súa análise crítica, fomentando a súa madurez e participación cívica. A aplicabilidade da materia de Xeografía convértea nunha disciplina clave da sociedade do coñecemento e do emprendemento social.

Nun contexto de constantes e profundas transformacións no global e no local, a materia de Xeografía debe achegar unha visión integral do medio natural e da sociedade de España, tratando de espertar a curiosidade innata a toda persoa e lograr o gozo dos coñecementos xeográficos. Con tal fin, as competencias específicas fundaméntanse nunha aprendizaxe baseada na investigación dos fenómenos naturais e humanos que se desenvolven no territorio. Estes fenómenos afectan á vida cotiá das sociedades actuais e representan, algúns deles, retos clave para afrontar o futuro, igual que, en ocasións, tamén constituíron desafíos no pasado. As respostas a estes retos ecosociais desde o ensamento xeográfico requiren da aplicación de saberes baseados no rigor científico, a mobilización de estratexias e o compromiso ético coa sostibilidade e a solidariedade na resolución de problemas.

Por todo iso, o estudo da xeografía de España debe contribuír ao desenvolvemento persoal e á madurez do alumnado, conformando a súa identidade e fortalecendo a súa empatía ao asumir que vivimos nunha sociedade diversa e con desequilibrios sociais e territoriais que precisa dun desenvolvemento sostible. Como persoas formadas e comprometidas coa ontorna na que viven, o alumnado debe aplicar as competencias específicas e os saberes básicos adquiridos para emprender accións individuais e colectivas que materialicen a súa capacidade de transformalo desde criterios éticos baseados nos valores que compartimos. A materia de Xeografía contribúe a alcanzar os obxectivos xerais da etapa de bacharelato e a adquisición das competencias clave, e permite o desenvolvemento do pensamento xeográfico do alumnado iniciado na etapa anterior coa materia de Xeografía e Historia. Ademais, promóvese o seu desenvolvemento en contextos interdisciplinarios e noutros próximos ás experiencias persoais, que deben aproveitarse para enriquecer a contorna de aprendizaxe do alumnado, tanto de maneira individual como grupal, conectando cos seus intereses e atendendo a necesidades específicas.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da evolución socioecolóxica dos

territorios.

É esencial subliñar o tratamento integrador que a xeografía lles dá aos fenómenos espaciais, lembrando que a síntese é un obxectivo irrenunciable do pensamento xeográfico, ao que deben contribuír o enfoque interdisciplinario e a dobre dimensión ecosocial. A materia de Xeografía é aberta e flexible para que, tomando como eixe vertebrador os obxectivos e os contidos da materia, o profesorado poida adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado. En definitiva, para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio ambiente no contexto actual de cambios e incertezas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os retos ecosociais actuais e futuros de España debatendo desde a perspectiva xeográfica sobre as mensaxes recibidas a través de canles oficiais e extraoficiais, formais e informais, e desenvolvendo o pensamento crítico, para transformar padróns de consumo insustibles e adoptar estilos de vida saudables.	1-3		5	4	20-40	1-4	1	
OBX2 - Comprender a complexidade do espazo xeográfico, mediante a interpretación de fontes de información visuais, para apreciar a riqueza das paisaxes naturais e humanizadas e valorar a sostibilidade como principio das relacións entre os ecosistemas naturais e a acción humana.			4-5	1		1-4	1	1-2
OBX3 - Analizar a diversidade natural de España e a súa singularidade xeográfica dentro de Europa, a través da comparación de características comúns e específicas do relevo, o clima, a hidrografía e a biodiversidade, para reflexionar sobre a percepción persoal do espazo.			1-4		31	1-3		1
OBX4 - Aplicar as tecnoloxías da información xeográfica (TIX), métodos e técnicas propios ou de ciencias afíns, localizando fenómenos naturais e humanos, e argumentando con rigor os seus límites ou categorías, para resolver eficientemente o problema da escala en calquera análise ou proposta de actuación.	1		1-2	1-2-5		3	1-3	
OBX5 - Asumir a globalización como contexto que enmarca a evolución dos sistemas económicos e os comportamentos sociais recentes, investigando as súas relacións de causa e efecto e creando produtos propios que demostren a interconexión e a interdependencia a todas as escalas, para promover o respecto á dignidade humana e ao medio ambiente como base dunha cidadanía global.	5		1-5	4	31	2-3-4	1	41

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Explicar de forma crítica os desequilibrios territoriais de España e da súa estrutura sociolaboral e demográfica, recoñecendo os procesos e as decisións que contribuíron ás desigualdades presentes, para reforzar a conciencia de solidariedade e o compromiso cos mecanismos de cooperación e cohesión españois e europeos.			4		12-31	1-2-3	1-2	32
OBX7 - Mobilizar coñecementos previos, novos e doutros campos do saber ao abordar situacións do pasado, do presente ou do futuro, reorientando eficazmente decisións e estratexias de traballo individual ou en equipo, para achegar solucións innovadoras a contextos en transformación e fomentar a aprendizaxe permanente.	5		1		11-12-32-50	3	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	España e Galicia: situación xeográfica. España e Galicia en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	Definir a situación xeográfica de España e Galicia en Europa en indicadores socioeconómicos, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos.	5	6			X
2	España e Galicia no mundo: a posición nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. Globalización e diversidade. As desigualdades territoriais no mundo. Grandes eixes mundiais.	Definir a situación xeográfica de España e Galicia no mundo en indicadores socioeconómicos, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. A Globalización e explicar os seus trazos. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos.	5	5			X
3	Organización territorial de España. A Constitución de 1978 no deseño territorial. Desequilibrios e contrastes	Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. Estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos.	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	territoriais, políticas rexionais e de cohesión. A Comunidade de Galicia.	Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia.	5	5			X
4	Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas.	Identificar o espazo xeográfico, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español. Describir os trazos do relevo. Diferenzas das unidades morfoestruturais e a litoloxía. Aplicación das TIC. Webs e apps xeográficas.	11	12	X		
5	A diversidade climática de Galicia e España. Dominios climáticos: Características, elementos e factores. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática.	Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura. Interpretar mapas do tempo e climogramas.	11	12	X		
6	A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España. Régimes fluviais. Aproveitamento dos recursos hídricos. Biodiversidade: formacións vexetais. Riscos xerados polas persoas.	Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos. Identificar os réximes fluviais. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos. Identificar e diferenciar as rexións vexetais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga	5	8	X		
7	As paisaxes naturais e as relacións natureza - sociedade. Influencia do medio na actividade humana. Influencia da actividade humana no medio. Aproveitamento sustentable do medio físico.	Describir e identificar os trazos das paisaxes naturais. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico.	5	8	X		
8	A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.	Identificar as fontes para o estudo da poboación. Caracterizar a poboación española. Os movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. Explicar a distribución da poboación española. Analizar as pirámides de poboación,	10	12	X	X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.	incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades. As perspectivas de poboación española e galega, e a ordenación do territorio.	10	12	X	X	
9	Concepto de cidade. O espazo urbano en España e Galicia. Funcións da cidade. Morfoloxía urbana. Estrutura urbana. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles.	Definir a cidade. Identificar o proceso de urbanización. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana. Analizar e comentar planos de cidades e unha paisaxe urbana. A rede urbana española e galega.	10	12		X	
10	O espazo rural e as actividades do sector primario. O espazo agrario e gandeiro. A actividade pesqueira. Silvicultura.	As paisaxes agrarias, morfoloxía e estrutura. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O sector agrario español e galego. PAC. A actividade pesqueira en España. Os recurso mariños: sostibilidade e PPC. O caso de Galicia.	11	12		X	
11	Os espazos industriais. Materias primas e fontes de enerxía: transición enerxética. A industria en España e en Galicia. A pegada ecolóxica. A deslocalización industrial.	Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Espazos industriais e tendencias en España e en Galicia. Políticas territoriais na industria. Políticas da Unión Europea e a globalización.	11	12		X	
12	Os espazos terciarizados. A economía circular e os servizos. Modelos insostibles de servizos e alternativas. A economía dixital.	Terciarización da economía española. Sistema de transportes en España e Galicia. O Desenvolvemento comercial. Espazos turísticos. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. O caso do litoral. Modelos de ocupación dominante en España e en Galicia. A economía dixital: impacto da «economía colaborativa» e novos modelos de negocio.	11	12		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	España e Galicia: situación xeográfica. España e Galicia en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	6

1	Políticas rexionais e de cohesión territorial.	6
---	--	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Extrae e sabe interpretar a información de mapas, planos e utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. Utiliza mapas dixitais, sistemas de xeoposicionamento GPS e apps nos dispositivos móbiles.	PE	80
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Explica e comprende a posición de España na Unión Europea. Comprende os contrastes territoriais e as políticas de cohesión. É capaz de traballar con diferentes documentos, mapas e fontes xeográficas e producir traballos sobre a xeografía física.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	España e Galicia no mundo: a posición nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. Globalización e diversidade. As desigualdades territoriais no mundo. Grandes eixes mundiais.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais. Identifica e describe os trazos da globalización.	PE	80
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. Confecciona cadros comparativos de casos concretos de globalización.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.

UD	Título da UD	Duración
3	Organización territorial de España. A Constitución de 1978 no deseño territorial. Desequilibrios e contrastes territoriais, políticas rexionais e de cohesión. A Comunidade de Galicia.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas. Explica os desequilibrios e os contrastes territoriais de España.	PE	80
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Representa e explica os fenómenos físicos e humanos que se desenvolven no territorio utilizando mapas, Utiliza webs e apps nos móbiles. Aplica dun xeito eficiente os métodos da xeografía	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación

Contidos
- actual e proxeccións do estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
4	Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe. Técnicas gráficas e cartográficas. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: O Relevo. Riscos para as persoas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Comprende e explica os principais trazos do relevo de España. Describe e comprende sumariamente a evolución xeolóxica do relevo de España.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Clasifica e describe a evolución xeolóxica do relevo. Identifica e explica os elementos do relevo e solos.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Utiliza mapas dixitais, sistemas de xeoposicionamento GPS e apps nos dispositivos móbiles.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, proponendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	É capaz de traballar con diferentes documentos, mapas e fontes xeográficas e producir traballos sobre a xeografía física.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A diversidade climática de Galicia e España. Dominios climáticos: Características, elementos e factores. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Representa e comenta climogramas específicos de cada clima. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas. Utiliza mapas, webs e apps do tempo nos dispositivos móbiles.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Comprende e comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos característicos. Comprende e explica os factores que influen nos climas.		
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Analiza e comenta como afecta a España o cambio climático. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	TI	20
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Identifica e interpreta os dominios e formacións vexetais e as paisaxes naturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termopluiométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España. Réximes fluviais. Aproveitamento dos recursos hídricos. Biodiversidade: formacións vexetais. Riscos xerados polas persoas.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Situa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce as consecuencias.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento.		
CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	Analiza e comenta hidrogramas, gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de crecidas e estiaxes en relación con os tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e extrae conclusións.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Utiliza mapas, webs e apps da diversidade hídrica nos dispositivos móbiles.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Comprende e explica a diversidade hídrica en España.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Selecciona información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas.		
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Analiza e interpreta fontes de información que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termoplumiométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles.</li> <li>- Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade. - Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	As paisaxes naturais e as relacións natureza - sociedade. Influencia do medio na actividade humana. Influencia da actividade humana no medio. Aproveitamento sustentable do medio físico.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Sabe describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos característicos.	PE	80
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Entende e explica o aproveitamento sustentable do medio físico. Explica e analiza a Influencia do medio na actividade humana. Explica e analiza a Influencia da actividade humana no medio.		
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.		
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Sabe obter e seleccionar a partir de distintas fontes, información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade.	TI	20
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Sabe crear e utilizar mapas, webs e apps da natureza e biodiversidade nos dispositivos móbiles.		
CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	Comprende e diferencia as paisaxes humanizadas das naturais. Sabe comparar e diferenciar as variedades de paisaxes naturais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Selecciona e analiza posibles elementos lexisladores correctivos da acción humana sobre a natureza. Explica as diferentes políticas favorecedoras do patrimonio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas.</li> <li>- Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade.</li> <li>- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A poboación española e galega. Análise da súa estrutura e desequilibrios. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Distingue e razoa as pirámides de poboación na súa evolución histórica. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación.		
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Analiza gráficos da estrutura e desequilibrios da poboación española e galega resaltando o envellecemento e o despoboamento rural.	PE	80



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Describe, analiza e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides...		
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Sabe elixir datos e taxas demográficas que amosan a configuración da poboación dun territorio. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española e galega.	TI	20
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Comprende e comenta o mapa da densidade de poboación e os movementos migratorios, salientando un respecto pola diversidade étnica cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Concepto de cidade. O espazo urbano en España e Galicia. Funcións da cidade. Morfoloxía urbana. Estrutura urbana. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.		
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Identifica e analiza as características do proceso de urbanización, sinalando a influencia histórica no plano da cidade.	PE	80

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Identifica e explica a xerarquización urbana española. Comprende os desequilibrios na distribución da poboación.		
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Analiza e explica o plano de cidades, define o concepto de cidade.	TI	20
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
